

VII

Vida oficial da RAG

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

CRÓNICA DA ACADEMIA (2013)

NECROLÓXICAS:

JACINTO VIQUEIRA LANDA / Alicia López Pardo



A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2013)

Directiva da Real Academia Galega

Dende o 23 de xaneiro de 2010 até o 20 de abril de 2013, a Comisión Executiva mantiña a seguinte formación:

- Presidente: D. Xosé Luís Méndez Ferrín
- Secretario: D. Xosé Luís Axeitos Agrelo
- Vicesecretario: D. Francisco Fernández Rei
- Arquivoiro-Bibliotecario: D. Euloxio Rodríguez Ruibal
- Tesoureiro: D. Manuel González González

A partir do 20 de abril a Comisión Executiva pasou a estar formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Xesús Alonso Montero
- Secretario: D. Henrique Monteagudo Romero
- Vicesecretario: D. Andrés Torres Queiruga
- Arquivoira-Bibliotecaria: D.^a Margarita Ledo Andión
- Tesoureira: D.^a Rosario Álvarez Blanco

Relación dos actuais académicos numerarios

1. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
2. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
3. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
Ingreso: 25 de novembro de 1992.
4. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
5. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
6. Excmo. Sra. D.^a Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
7. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
8. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
9. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández.
Ingreso: 24 de outubro de 1998.
10. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
11. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
12. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
13. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Méndez Ferrín. Ingreso: 30 de setembro de 2000.
Dimite o 13 de marzo de 2013.

14. Excma. Sra. D.^a Xohana Torres Fernández. Ingreso: 27 de outubro de 2001.
15. Excmo. Sr. D. Xosé Neira Vilas. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
16. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira.
Ingreso: 28 de setembro de 2002.
17. Excma. Sra. D.^a Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
18. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
19. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
20. Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal. Ingreso: 24 de marzo de 2006.
21. Excmo. Sr. D. Darío Xohán Cabana Yanes. Ingreso: 22 de abril de 2006.
22. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.
23. Excma. Sra. D.^a Margarita Ledo Andión. Ingreso: 7 de febreiro de 2009.
24. Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós. Ingreso: 12 de decembro de 2009.
25. Excmo. Sr. D. Bernardino Graña Villar. Ingreso: 12 de xuño de 2010.
26. Excmo. Sr. D. Xosé Henrique Monteagudo Romero.
Ingreso: 25 de febreiro de 2012.
27. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Regueira Fernández. Ingreso: 2 de xuño de 2012.
28. Excmo. Sr. D. Xosé Fernández Ferreiro. Ingreso: 9 de marzo de 2013.
29. Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández.
Ingreso: 14 de setembro de 2013.
30. Excma. Sra. D.^a Fina Casalderrey. Ingreso: 22 de novembro de 2013.

Relación dos actuais académicos correspondentes

1. Ilmo. Sr. D. José Luis Varela Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
2. Ilmo. Sr. D. Sabino Torres Ferrer. Ingreso: 4 de maio de 1952.
3. Ilmo. Sr. D. Manuel Lucas Álvarez. Ingreso: 4 de marzo de 1955.
Faleceu o 1 de setembro de 2014.
4. Ilmo. Sr. D. Baldomero Cores Trasmonte. Ingreso: 5 de xuño de 1958.
Faleceu o 24 de decembro de 2014.
5. Ilmo. Sr. D. José Isorna Ferreirós. Ingreso: 25 de xuño de 1967.
6. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
7. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
8. Ilmo. Sr. D. Carlos Compairé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
9. Ilmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 26 de xaneiro de 1969.
10. Ilmo. Sr. D. Daniel D. Vidart. Ingreso: 5 de xullo de 1970.
11. Ilmo. Sr. D. Manuel Carlos García Martínez.
Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
12. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo.
Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.

13. Ilmo. Sr. D. Fernando Acuña Castroviejo. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
14. Ilmo. Sr. D. Manuel Remuñán Ferro. Ingreso: 11 de decembro de 1983.
Faleceu o 1 de febreiro de 2014.
15. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
16. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
17. Ilmo. Sr. D. David Mackenzie. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
18. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
19. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
20. Ilma. Sra. D.^a Teresa Barro Muñoz-Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
21. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
22. Ilmo. Sr. D. Ramón Lugrís Pérez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
23. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
24. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
25. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
26. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
27. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
28. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
29. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
30. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
31. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
32. Ilma. Sra. D.^a María Dolores Sánchez Palomino.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
33. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
34. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
35. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
36. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
37. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández.
Ingreso: 9 de outubro de 2004.
38. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
39. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.
40. Ilmo. Sr. D. Jorge Arbeleche. Ingreso: 20 de setembro de 2005.
41. Ilmo. Sr. D. Nicandro Ares Vázquez. Ingreso: 22 de abril de 2006.
42. Ilmo. Sr. D. Craig Patterson. Ingreso: 13 de xaneiro de 2007.
43. Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá. Ingreso: 28 de abril de 2007.

44. Ilmo. Sr. D. Víctor Campio Pereira González.
Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
45. Ilmo. Sr. D. Farruco Sesto Novás. Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
46. Ilma. Sra. D.^a Débora Campos Ramírez. Ingreso: 25 de marzo de 2011.
47. Ilma. Sra. D.^a Ana Isabel Boullón Agrelo. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
48. Ilmo. Sr. D. Xosé Henrique Costas González.
Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
49. Ilmo. Sr. D. Gonzalo Navaza Blanco. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
50. Ilmo. Sr. D. Xosé Antón Palacio Sánchez. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
51. Ilma. Sra. D.^a Alba Nogueira López. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
52. Ilmo. Sr. D. Francisco Cerviño González. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
53. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Herrán. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
54. Ilma. Sra. D.^a Luz Méndez. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
55. Ilmo. Sr. D. Fernando Ramallo Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
56. Ilma. Sra. D.^a Olivia Rodríguez González. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
57. Ilma. Sra. D.^a Goretti Sanmartín Rei. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
58. Ilmo. Sr. D. Xavier Vence Deza. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
59. Ilmo. Sr. D. Xosé Antón Fraga Vázquez. Ingreso: 18 de xaneiro de 2013.

Relación dos actuais académicos de honra

1. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.
2. Excmo. Sr. D. John Rutherford. Ingreso: 4 de outubro de 2008.
3. Excmo. Sr. D. Carlos Alberto Zubillaga Barrera.
Ingreso: 21 de abril de 2012.
4. Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova. Ingreso: 9 de novembro de 2013.
5. Excma. Sra. D.^a Giulia Lanciani. Académica electa: 21 de xaneiro de 2012.

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2013)

XUNTAS CELEBRADAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria, durante o ano 2013, nas seguintes datas:

Xunta ordinaria

- 18 de xaneiro de 2013
- 13 de marzo de 2013
- 21 de xuño de 2013
- 27 de novembro de 2013

Xunta extraordinaria:

- 9 de marzo de 2013.
Recepción de Xosé Fernández Ferreiro como académico numerario
- 24 de marzo. Homenaxe a Francisco Fernández del Riego
- 20 de abril de 2013. Elección do presidente
- 17 de maio de 2013. Día das Letras Galegas
- 14 de setembro de 2013.
Recepción de Pegerto Saavedra Fernández como académico numerario
- 9 de novembro de 2013.
Recepción de Arcadio López-Casanova como académico de honra
- 22 de novembro de 2013.
Recepción de Fina Casalderrey como académica numeraria

A Comisión Executiva da Real Academia Galega reuniuse nas seguintes datas:

- 1 de febreiro de 2013
- 14 de febreiro de 2013
- 20 de marzo de 2013
- 5 de abril de 2013
- 26 de abril de 2013
- 21 de maio de 2013
- 24 de maio de 2013
- 4 de xuño de 2013
- 10 de xuño de 2013

- 21 de xuño de 2013
- 22 de xullo de 2013
- 30 de xullo de 2013
- 27 de agosto de 2013
- 5 de setembro de 2013
- 18 de setembro de 2013
- 1 de outubro de 2013
- 8 de outubro de 2013
- 21 de outubro de 2013
- 5 de novembro de 2013
- 13 de novembro de 2013
- 20 de novembro de 2013
- 27 de novembro de 2013
- 4 de decembro de 2013
- 16 de decembro de 2013
- 27 de decembro de 2013

INGRESO DE ACADÉMICOS

DE HONRA:

Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova

Lugar e data de ingreso: Salón de Actos da Real Academia Galega, 9 de novembro de 2013.

Título do discurso: *A modernidade poética de Rosalía: unha interpretación.*

Resposta do Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero.

Arcadio López-Casanova nace en Lugo (1942) e pasa a súa infancia na casa da avoa paterna, nas terras do Páramo. Regresa a Lugo para estudar o bacharelato. Aos catorce anos colabora en *El Progreso*, e pouco despois publica o libriño *Cuentos de Galicia: “Tío Míngos”*, ademais de ser cofundador, xunto con outros mozos lugueses (Marina Mayoral, Ramón Clemente, etc.), e baixo a dirección do profesor Luís Quintela Ferreiro, da revista *Escritos*.

Estuda Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, entrando en relación cos mestres do galeguismo. Nos seus anos universitarios participa nas actividades culturais da Universidade, organizando o primeiro “Día das Letras Galegas”



Arcadio López-Casanova.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



Arcadio López-Casanova, durante a lectura do seu discurso de ingreso como membro de honra.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.

(1963), a “Festa da Poesía”, a “Homenaxe a Antonio Machado”, o “Premio Castelao”, e moitas outras actuacións promovidas dende a Asociación Cultural “O Galo”.

Colabora asiduamente nas páxinas de *La Noche* e *La Voz de Galicia*, e no 1961 edita o seu primeiro libro de poemas, *Hombre último*, retirado por orde gubernativa a causa dun poema dedicado a Federico García Lorca. Recibiu numerosos premios nas Festas Minervais e noutros certames literarios.

No ano 1965 publica a súa primeira colección de versos en lingua galega, *Sonetos da espranza presentida*, que vén determinar un dos sinais de identidade da súa poética, apuntado xa na súa *opera prima*: o virtuosismo técnico, reflectido na perfecta construción das estrofas clásicas máis complexas.

Xa de volta na súa cidade natal, prosegue coa súa actividade de política cultural organizando e dirixindo o primeiro curso de galego (1965), e unha homenaxe a Luís Pimentel. Asiste ao faladoiro lugués de Celestino Fernández de la Vega, colabora na prensa con artigos de temática literaria, e funda a colección “Ronsel” de poesía. Comeza a impartir docencia no Colexio Fingoi, baixo a dirección do profesor Ricardo Carvalho Calero, e pasa logo ao INEM, onde coincide cos catedráticos Alonso Montero e Amable Veiga.

No ano 1967 deu ao prelo a que sería considerada a súa primeira obra de madurez. Trátase de *Palabra de honor* (Vigo: Galaxia), libro tamén retirado por orde gubernativa. Despois desta obra, o escritor lucense deu paso a un longo período de silencio creativo durante o que se centrou nas súas investigacións filolóxicas, nos escritos ensaísticos e no labor docente.

En 1968 trasladouse a Valencia para ocupar unha cátedra de lingua e literatura españolas no Instituto Mariano Benlliure. Nesta cidade desenvolve co seu colega e amigo, o profesor Eduardo Alonso, unha ampla tarefa de dirección editorial e de publicacións sobre temas de historia, teoría e crítica literarias, con obras como *Lenguaje, expresión literaria y lingüística del español* (1970), *Lengua española. La expresión literaria* (1974), *El análisis estilístico* (1975) e *Poesía y novela* (1982).

Na década seguinte publicou dous novos libros de poemas en lingua galega; *Memoria dunha edá* (1976) e *Mesteres* (1976). Dous anos despois aparecería *La oscura potestad* (1979), libro de poemas que acadou o máximo galardón do Premio Adonais de Poesía. Nese mesmo ano defende a súa Tese de doutoramento sobre *Estructuras correlativas en la poesía española contemporánea*, cualificada con *sobresaliente cum laude*. No ano 1983, co libro de poemas *Liturxia do corpo* recibe o Premio da Crítica-Galicia á creación literaria.

Desde 1986 é profesor titular do Departamento de Filoloxía Española da Facultade de Filoloxía da Universidade de Valencia, onde imparte disciplinas relacionadas coa poesía e a novela españolas do século XX, así como a análise e a

composición de textos poéticos. Froito do seu labor de investigación son estudos como *Estructuras correlativas y función estilística* (1989), *Lenguaje de la poesía y figuras gramaticales* (1990), *La poesía romántica* (1991), *Miguel Hernández, pasión y elegía* (1993) e *El texto poético. Teoría y metodología* (1994).

En relación coa literatura galega, edita a *Antología poética* de Rosalía de Castro (1985), *Luís Pimentel e “Sombra do aire na herba”* (1990), *Álvaro Cunqueiro e a vangarda poética* (1994), e o *Diccionario metodolóxico de análise literaria. I. A Poesía* (2001), así como estudos sobre Ramón Cabanillas (1976), Luís Seoane (1994), E. Blanco Amor (1993), Curros Enríquez (2001) e sobre “Fin de século e modernidade literaria” (1997) ou o “Modernismo en Galicia” (1999). A Real Academia Galega concédelle o Premio “Menéndez Pidal” de investigación por un traballo sobre a obra de E. Pondal. Cultivou tamén o teatro e a literatura infantil.

No eido da creación poética, da última década son os seus libros *Razón de iniquidad* (1991, Premio Internacional “Ciudad de Melilla”), *Noite do degaro* (1994) e *Asedio de sombra* (1997, Premio “Tiflos”).

OBRA EN GALEGO

Poesía

- Sonetos da esperanza presentida*. Lugo: Ronsel, 1965.
Palabra de honor. Vigo: Salnés, 1967.
Liturgia do corpo. Sada: Edición do Castro, 1976.
Memoria dunha edá (1960-1975). Madrid: Akal, 1976.
Mesteres. Lindes-Cuadernos de Poesía, 3. Valencia: Difusora de Cultura, 1976.
Antología personal: Obra poética gallega y castellana (1967-1987). Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, 1987.
Noite do degaro. Vigo: Galaxia, 1994.
Do tempo posuído: Poesía, 1960-2000. A Coruña: Espiral Maior, 2003.
Dicir unha razón: (varia silva de proverbios, ditados e glosas). Santiago de Compostela: Follas Novas, 2006.
Herdo do canto. Santiago de Compostela: PEN Clube de Galicia, 2006.

Narrativa

- Caeira dos días: (1965-2005)*. Cesuras: Biblos Clube de Lecturas, 2007.

Literatura infantil e xuvenil

- O bosque de Ouriol*. Vigo: Galaxia, 1973.

Ensaio

Luís Pimentel e *Sombra do aire na herba*. Vigo: Galaxia, 1990.

Álvaro Cunqueiro e *a vangarda poética*. Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1994.

Diccionario metodolóxico de análise literaria: I A poesía. Textos líricos galegos da Idade Media. Vigo: Galaxia, 2001.

Obras colectivas

Rodríguez Fer, Claudio (ed.) (1992): *Comentarios de textos contemporáneos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Álvarez Cáccamo, Xosé María et al. (2001): *Poetas e Narradores nas súas voces*. Vol. I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Casas, Arturo (ed.) (2003): *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000*. Lugo: Tris Tram.

Díaz-Fierros Viqueira, Francisco e Henrique Monteagudo (coord.) (2003): *Carlos Casares. A semente aquecida da palabra*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Avilés de Taramancos, Antón et al. (2003): *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra*. Santiago de Compostela: Federación de Libreiros de Galicia; A Coruña: Espiral Maior; Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Fernández Rodríguez, Manuel (ed.) (2006): *Poemas pola memoria (1936-2006)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos e Baldo Ramos (dirs.) (2006): *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*. Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas.

Rodríguez, Luciano (ed.) (2011): *Preludios para Miguel Anxo Fernán-Vello*. Bertami-ráns: Laiovento.

Premios

Gañador do Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho no 1972, por *O bosque de Ouriol*.

Premio da Crítica Galicia de creación literaria no 1984, por *Liturxia do corpo*.

Premio de poesía Caixanova no 2005, por *Herdo do canto*.

Premio Cultura Galega das Letras da Xunta de Galicia, no 2011.

OBRA EN CASTELÁN

Poesía

Hombre último. Lugo: Celta, 1961.

La oscura potestad. 1972-1978. Madrid: Ediciones Rialp, 1979.

Razón de iniquidad. Melilla: Universidad Nacional de Educación a Distancia, 1991.

Asedio de sombra. Madrid: Organización Nacional de Ciegos Españoles, 1997.

En oscuro desvelo: poesía, 1972-2002. Valencia: Institució Alfons el Magnànim, 2004. Obra poética completa.

Narrativa

Cuentos de Galicia: "Tío Mingos". Lugo: edición do autor, 1958.

Ensaio

Estructuras correlativas en la poesía española contemporánea. Mislata, Valencia: Fuentearnera, 1979.

La poesía romántica. Madrid: Anaya, 1991.

Lenguaje de la poesía y figuras gramaticales. Castellón: Publicacions de la Universitat Jaume I, 1992.

Miguel Hernández, pasión y elegía. Madrid: Anaya, 1993.

El texto poético: teoría y metodología. Salamanca: Colegio de España, 1994.

El relato fantástico: historia y sistema. Salamanca: Colegio de España, 1998.

Macrotexto poético y estructuras de sentido: análisis de modelos líricos modernos. Valencia: Tirant lo Blanch, 2007.

Edicións

Alarcón, Pedro Antonio de (1974): *El sombrero de tres picos*. Madrid: Cátedra.

Castro, Rosalía de (1985): *Antología poética*. Madrid: Alhambra.

Mihura, Miguel (1986): *Tres sombreros de copa*. Madrid: Anaya.

Valle-Inclán, Ramón del (1995): *Flor de santidad. La media noche*. Madrid: Espasa-Calpe.

Obras colectivas

Alonso, Eduardo e Arcadio López-Casanova (1971): *Lenguaje, expresión literaria y lingüística española*. Valencia: Bello.

Alonso, Eduardo e Arcadio López-Casanova (1975): *El análisis estilístico (poesía/novela)*. Valencia: Bello.

Premios

Premio Adonais no 1978, por *La oscura potestad*.

Gañador do Premio Internacional Ciudad de Melilla no 1991, por *Razón de iniquidad*.

Premio Tiflos no 1997, por *Asedio de sombra*.

NUMERARIOS:

Excmo. Sr. D. Xosé Fernández Ferreiro

Lugar e data de ingreso: Salón de actos da Real Academia Galega, 9 de marzo de 2013.


Título do discurso: *Breves reflexións sobre os escritores e os xornalistas*.

Resposta do Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós.

Xosé Fernández Ferreiro naceu no ano 1931 na aldea de Espartedo, no concello ourensán de Nogueira de Remuín. Remata o bacharelato en Ourense por libre, ao mesmo tempo que traballa. Xa nesta data empeza a escribir nos xornais *La Región* e *La Noche*. Aos dezaioito anos é correspondente de ABC en Ourense. En 1952, é un dos fundadores da agrupación cultural *Xente Nova*.

No ano 1953 trasládase a Madrid a cursar estudos de xornalismo, axudado por unha bolsa do *Faro de Vigo*. Na altura, continúa colaborando en *La Región*, *La Noche*, ou ABC, e comeza a publicar en *Informaciones*, *Semana* ou *El Español*. En 1958 entra a traballar no departamento de publicidade da produtora Suevia Films. Nese mesmo ano –xunto con Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Reimundo Patiño e Ramón Lorenzo–, crea o grupo Brais Pinto, que desenvolverá unha intensa actividade cultural no Madrid dos anos cincuenta, dando orixe á colección poética do mesmo nome e editando os libros de poemas *Bocarribeira*, de Otero Pedrayo; *Poemas do home que quixo vivir*, de Bernardino Graña ou *A noite*, do propio Fernández Ferreiro. O nome e a épica do personaxe que nomea o grupo –un ficticio afiador ourensán que, despois de percorrer o mundo enteiro co seu oficio, e xa disposto a regresar á súa vila natal, morre atropelado por un tranvía en Madrid– atribúeselle a Fernández Ferreiro.

Despois de licenciarse en xornalismo, traballou como redactor en *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego* ou *La Noche*. No ano 1967 traballa como correspondente de ABC en Santiago de Compostela. O 17 de maio dese ano publica en galego un artigo sobre o Día das Letras Galegas, sendo a primeira vez que un xornal de Madrid difunde un artigo nesta lingua. No ano 1969 pasa a ser redactor de *La Voz de Galicia*. Colaborou tamén nun bo feixe de publicacións como *Chan*, *Revista del Libro Español*, *Destino*, *La Vanguardia*, *Grial*, *Vieiros*, *Dorna* e *A Trabe de*



Xosé Fernández Ferreiro.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



O novo académico recibe os aplausos do resto da corporación.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.

Ouro. O seu labor profesional como xornalista fíxoo merecedor, en 1985, do Premio Galicia de Xornalismo.

Como escritor, comeza a súa traxectoria literaria con dous libros de poemas: *Ribeirana do Sil* (1952) e *A Noite* (1959). Na época de Brais Pinto estréase na narrativa cunha serie de contos que el denomina “ulcísticos”. Despois virá o conxunto de 15 novelas que lle deron fama. Será a narrativa —xénero que Fernández Ferreiro practicou en practicamente todas as súas sortes— a modalidade sobre a que cimentará a meirande parte da súa produción literaria e do seu prestixio como autor de referencia nas letras galegas de hoxe.

A súa carreira como novelista dá comezo en 1975 co primeiro western escrito en galego: *A morte de Frank González*, ao que lle seguen *Morrer en Castrelo do Miño* (1978), sobre a loita dos campesiños desta vila ourensá contra o encoro construído nas súas terras; *A saga dun afiador* (1980), na que constrúe unha epopea arredor dos afiadores que partiron da chaira ourensá a percorreren o mundo; a novela memorialista *A ceo aberto*, de 1981; a ficción científica de *Reportaxe cósmico* (1982); *A fraga dos paxaros salvaxes*, finalista do Xerais en 1985; un relato onírico e desacougante como *O minotauro* (1989); e *Agosto do 36*, merecedora do Premio Xerais en 1991, e que supuxo o inicio da escrita sobre a materia da Guerra Civil nas nosas letras. A esta seguiríanlle *A cidade das chuvias* (1994), *Co medo nas mans* (1996), *O último paraíso* (2001), *Millo verde* (2002), *Os últimos fuxidos* (2004) e *Tempo de centeo* (2009).

POESÍA

Ribeirana do Sil. Ourense: edición do autor, 1952.
A noite. Madrid: Brais Pinto, 1959.

NARRATIVA

A morte de Frank González. Sada: Edicións do Castro, 1975.
Morrer en Castrelo do Miño. A Coruña: Edicións do Castro, 1978.
A saga dun afiador. Sada: Edicións do Castro, 1980.
A ceo aberto. Sada: Edicións do Castro, 1981.
Corrupción e morte de Brigitte Bardot. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1981.
Reportaxe cósmico. Sada: Edicións do Castro, 1982.
A fraga dos paxaros salvaxes. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985.
O minotauro. Barcelona: Sotelo Blanco, 1989.
Agosto do 36. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991.
A cidade das chuvias. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.
Co medo nas mans. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1997.

- O atentado*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1999.
O último paraíso. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2001.
Millo verde. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2002.
Os últimos fuxidos. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004.
Tempo de centeo. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009.

NARRATIVA INFANTO-XUVENIL

- O conto da boa e da mala pipa*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1996.

ENSAIO

- De Xente Nova a Brais Pinto. Memorias dun afiadador rebelde*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2012.

OBRAS COLECTIVAS

- Cid Cabido, Xosé (dir.) (1996): *Unha liña no ceo: 58 narradores galegos (1979-1996)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
 Asociación de Escritores en Lingua Galega (ed.) (2003): *Alma de beiramar: a Asociación de Escritores en Lingua Galega en contra da marea negra*. Vigo: A Nosa Terra.
 Álvarez Cáccamo, Xosé María et al. (2006): *Poetas e Narradores nas súas voces (Vol. II)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
 Domínguez Alberte, Xoán Carlos e Baldo Ramos (dirs.) (2006): *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*. Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas.

PREMIOS

- Premio Galicia de Xornalismo no 1985.
 Premio Xerais no 1991, por *Agosto do 36*.
 Premio Antón Losada Diéguez de creación literaria no 2000, por *O atentado*.
 Galardoado coa Letra E da Asociación de Escritores en Lingua Galega no 2003.
 Premio *Brais Pinto* no 2013.

Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández

Lugar e data de ingreso: Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2013.

Título do discurso: *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria: sobre a división e o control do territorio na Galicia moderna.*

Resposta do Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz.

O Catedrático de Historia na Universidade de Santiago de Compostela Pegerto Saavedra Fernández naceu na Fonsagrada o 15 de novembro de 1951. Despois de pasar polo Seminario Diocesano de Lugo, estudou Historia na Universidade de Santiago de Compostela, onde obtivo os premios Extraordinario de Licenciatura e de Doutoramento. Iniciou o seu traballo de investigación, so a dirección do historiador Antonio Eiras Roel, como bolseiro de investigación no grupo de Historia Moderna, grupo no que acabou por desenvolver toda a súa carreira académica e mesmo o seu *cursus honorum*, ata se converter en Catedrático da disciplina na primavera do ano 2000, situación na que permanece na actualidade.

Nas súas investigacións especializouse no estudo das condicións de vida no rural galego entre os séculos XV e XIX. Sobre esta materia leva publicado un gran número de monografías, entre as que salientamos *Economía rural antigua en la montaña lucense. El concejo de Burón* e *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*, libro que mereceu o Premio Nacional de la Crítica de 1993 .

Influído por historiadores de liñaxe marxista como Pierre Vilar e E. P. Thompson, a obra historiográfica de Pegerto Saavedra tense ocupado de grandes temas como o estudo da estrutura e da evolución da sociedade galega na época moderna, nomeadamente na súa variante rural, como se pode comprobar no seu importante traballo *Economía, Política e Sociedade en Galicia: A provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, que saíu á luz en 1985. Segundo Ramón Villares, esta obra é “a tentativa máis ambiciosa entre nós de afrontar o reto dunha historia “total”, na que se combina a atención ás bases demográficas ou económicas dunha comunidade humana coa análise social e co goberno político do territorio”.

Interesa subliñar de modo especial o punto de vista con que Pegerto Saavedra ten elaborado o seu relato do mundo rural galego. Un enfoque que toma en consideración a perspectiva das clases subalternas para lles conceder un claro protagonismo no devir histórico. A obra de Pegerto Saavedra constitúe o mellor contributo actual a unha comprensión do papel histórico do campesiñado galego, do seu protagonismo na construción da sociedade galega e dos dereitos e privilexios que logrou ir conquistando. É un exemplo de relectura de toda a tradición interpretativa da sociedade galega moderna, desde os tempos da “doma e castración” de Galicia, claramente revisados na súa análise do tránsito á época moderna, ata a súa



Pegerto Saavedra Fernández.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



O novo académico, Pegerto Saavedra, é recibido polos académicos e público asistente.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.

visión da ruralía e, de forma especial, do campesiñado como un actor principal no drama que toda historia contén. Outro dos trazos característicos da súa concepción da historia é a atención á “historia desde abaixo” ou historia da vida cotiá, campo de investigación no que foi pioneiro no noso país, e que procura reproducir as condicións de vida dos labregos en Galicia durante o Antigo Réxime, ademais da súa relación de resistencia, máis ou menos pasiva, ás tentativas de control e usurpación dos seus dereitos por parte dos señores feudais, a Igrexa e o poder central.

Entre as súas obras destacan:

Economía rural antigua en la montaña lucense. El concejo de Burón. Santiago de Compostela: Universidade, 1979.

Economía, política y sociedad en Galicia. La provincia de Mondoñedo: 1480-1830. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1985.

A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850. Santiago de Compostela: Universidade, 1992.

La Galicia del Antiguo Régimen. Economía y Sociedad. Galicia Historia. Vol. 3. A Coruña: Hércules Edicións, 1992.

A Facenda Real na Galicia do antigo réxime. (As rendas provinciais). Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, 1993.

La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen. Barcelona: Crítica, 1994.

Das casas de morada ó monte comunal. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.

Consul Jove y Tineo, Francisco (1999): *Agricultura e Ilustración.* Santiago de Compostela: Consellería de Agricultura, Gandería e Montes; Ourense: Caixa Ourense. Edición e estudo preliminar.

Señoríos y comunidades campesinas. Aportaciones a la Historia Rural de la España Moderna. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003.

A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). A sociedade. A Coruña: La Voz de Galicia, 2007.

A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). Política e Cultura. A Coruña: La Voz de Galicia, 2007.

El siglo de las luces: Cultura y vida cotidiana. Madrid: Síntesis, 2004.

Pegerto Saavedra ten colaborado en numerosas publicacións colectivas e revistas especializadas ao longo da súa carreira, entre as que destacamos:

Pallares Méndez, María del Carmen *et al.* (1998): *Atlas histórico de Galicia.* Vigo: Nigra-Trea.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2000-2003): *Historia da Universidade de Santiago de Compostela.* Santiago de Compostela: Universidade.

- Saavedra Fernández, Pegerto e Ramón Villares Paz (1991): *Señores y campesinos en la Península Ibérica, siglos XVIII-XX*. Barcelona: Crítica: Consello da Cultura Galega.
- Torres Luna, María Pilar, Rubén C. Lois González e Pegerto Saavedra Fernández (coord.) (1998): *Espacios rurales e sociedades campesinas*. Santiago de Compostela: Universidade.
- “Los montes abiertos y los concejos rurales en Galicia en los siglos XVI-XVIII: aproximación a un problema”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 33, 179-236, 1982.
- “Desarrollo y crisis de la industria textil gallega: la lencería”, *Cuadernos de Investigación Histórica* 7, 113-132, 1983.
- “Comunidades campesinas, xurisdiccións e partidos na Galicia da Idade Moderna”, *Revista de Administración Pública Galega* 2, 113-142, 1985.
- “Transformaciones agrarias y crecimiento de la población en la provincia de Mondoñedo, 1550-1830”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 102, 79-104, 1987.
- “La economía del monasterio de Carracedo, ca. 1700-1834”, *Studia Historica* vol. 5, 241-283, 1987.
- “Industria téxtil rural e cambios demográficos na Galicia cantábrica, 1750-1850”, *Grial* 102, 237-257, 1989.
- “Casa y comunidad en la Galicia interior, 1750-1860”, en José Carlos Bermejo Barrera (coord.), *Parentesco, familia y matrimonio en la historia de Galicia*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, 1989.
- “Contribución al estudio del régimen señorial gallego”, *Anuario de Historia del Derecho Español* 69, 103-184, 1990.
- “La dinámica de la petita explotación pageda a la Galicia de l’antic règim”, *Recerques* 25, 105-124, 1992.

Entre os moitos cargos que Pegerto Saavedra ten desempeñado ao longo da súa vida académica, podemos salientar os de director do Departamento de Historia Medieval e Moderna da Universidade de Santiago de Compostela (1990-2001); vicepresidente da Fundación Española de Historia Moderna (2001-2005); membro do consello editorial das revistas *Obradoiro de Historia Moderna*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, *Historia y Genealogía* (Univ. de Córdoba); membro da Comisión de Patrimonio do Consello da Cultura Galega e da Comisión de Cultura da Deputación Provincial de Lugo (2007-2011); etc.

Excma. Sra. D.^a Fina Casalderrey

Lugar e data de ingreso: Teatro Principal de Pontevedra, 22 de novembro de 2013.
Título do discurso: *Viaxe á semente. Dende os refachos do corazón ata onde habita o imaxinario.*

Resposta da Excma. Sra. D.^a Rosario Álvarez Blanco.

A escritora Fina Casalderrey Fraga naceu en Xeve, Pontevedra, o 11 de agosto de 1951. Mestra de profesión, o seu primeiro destino foi unha substitución en Pontecesures. Alí comezou a adaptar contos populares ao teatro, para representalos co seu alumnado, para seguir con sinxelas pezas de creación propia, actividade que non abandonou nunca durante os corenta anos de docencia. A Pontecesures como destino seguíronlle San Cipriano de Ribarteme, Catoira, Cambados, Covelo da Lama, Barcia da Lama, Campelo da Lama, Bora, Mosteiro-Meis... e finalmente Moraña, onde decidiu quedar 25 anos. Logo, os dez últimos anos, previos á súa xubilación, impartiu docencia no IES Illa de Tambo de Marín.

As súas arelas de cambiar a Escola, achegala máis á realidade, instárona a realizar co seu alumnado diferentes traballos relacionados coa investigación etnográfica no contorno próximo (os hórreos, os apeiros de labranza, a climatoloxía e astroloxía popular, as festas populares, a medicina popular, os xogos tradicionais, cantigas, refráns, lendas...), todos eles en galego e moitos premiados no seu día polo Museo de Pontevedra, pola Xunta de Galicia ou pola Xefatura Nacional de Tráfico. Eses traballos foron o inicio dunha publicación colectiva, coordinada por Mariano García (*Terras de Moraña: Unha realidade na historia, na lenda, na lembranza...* 2002), publicada polo Concello de Moraña.

Xunto con Mariano García, publicou tamén os ensaios: *O libro da empanada* (1993), *Festas gastronómicas de Galicia* (1994) e *Repostería en Galicia* (1997) (3^o Premio Álvaro Cunqueiro de Periodismo Gastronómico).

En relación co mundo do ensino, en 1996, publica *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola (7 pezas para representar)*.

Outras publicacións pedagóxicas foron: *Lecturas 2* (1^o ciclo de Educación Primaria. Barcelona: Edebé, 1997); *Tren dos contos 1^o* (Educación Primaria. Vigo: SM, 2006); *Un dous tres hora de ler* (Vigo: SM Xerme, 2008); *Tic tac tic hora de llegir!* (Vigo: SM, 2008; Medrando Sans. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2008).

Participou no informe da UNESCO de 1997 *La educación encierra un tesoro*.

Foi membro da directiva de Gálix dende setembro de 2001 ata xaneiro de 2004. Pertence ao PEN Clube dende o ano 2008, e á AELG dende o 2009.



Fina Casalderrey.

Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



Fina Casalderrey recibe o diploma de numeraria das mans do presidente da Academia.

Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.

A cerna da súa produción encádrase dentro dos parámetros da chamada Literatura Infantil e Xuvenil, ámbito no que se amosa como unha autora prolífica cuxa obra, estendida ao longo de máis de cincuenta títulos, acadou o recoñecemento do público lector e da crítica, que lle ten outorgado numerosos galardóns, entre os que destacamos o Premio Merlín do ano 1991 por *Dúas bágoas*; o Barco de Vapor de 1994 por *O misterio dos fillos de Lúa*, que tamén mereceu o Premio nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1996; o Edebé de Literatura Infantil en 1995 por *O estanque dos parrulos pobres*; o Álvaro Cunqueiro de 1999 por *Repostería en Galicia*; a Medalla Castelao no 2003; e o máis recente, o nomeamento como Socia de Honra da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) no 2013. Os seus libros, sempre escritos inicialmente en galego, tradúcense habitualmente ás demais linguas do estado. Algúns tamén ao bretón, coreano, inglés, francés, italiano, portugués ou brasileiro.

Colabora tamén en prensa con artigos e outros traballos que aparecen espallados por xornais e revistas (*Diario de Pontevedra*, *Progreso de Lugo*, *Nós de Sabadell*, *Fadamorgana*, *Golfinho*, *CLIJ*, *Cedofeita*, *Tempo Exterior...*).

OBRA

- Mutacións Xenéticas*. A Coruña: Vía Láctea, 1991.
Dúas bágoas por máquina. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1992.
A noite dos coroides. A Coruña: Vía Láctea, 1993.
O libro da empanada. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1993.
Festas gastronómicas de Galicia. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.
Chamizo. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.
¡Asústate, Merche! Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.
O misterio dos fillos de Lúa. Vigo: SM, 1995.
Recursos teatrais para a expresión dramática na escola. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1996.
O estanque dos parrulos pobres. Barcelona: Edebé-Rodeira, 1996.
¡Prohibido casar, papá! Vigo: Galaxia, 1996.
¿Sobrevives? Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1996.
Repostería en Galicia. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1997.
¡Puag, que noxo! Vigo: Galaxia, 1997.
Podesvir. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1997.
Unha raíña negra. Barcelona: Edebé-Rodeira, 1998.
Nolo e os ladróns de leña. Vigo: SM, 1998.
Ás de mosca para Anxo. Madrid: Anaya, 1999.

- Pimpín e dona Gata*. Vigo: SM, 1999.
- O misterio do cemiterio vello*. Vigo: SM, 1999.
- Unha pantasma branca*. A Coruña: Everest Galicia, 2000.
- A máscara de palma*. Vigo: Galaxia, 2000.
- Cando a Terra esqueceu xirar*. Vigo: SM, 2002.
- Desventuras dun lobo namorado*. Vigo: Galaxia, 2002.
- Derradeira carta ós Reis Magos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2002.
- A avoa ten unha menciña*. Madrid: Combel, 2002.
- A avoa non quere comer*. Madrid: Combel, 2002.
- O avó sae de paseo*. Madrid: Combel, 2002.
- O avó é sabio*. Madrid: Combel, 2002.
- Lúas de nácara*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2003.
- ¡Un can no piso!* Vigo: Galaxia, 2003.
- Filla das ondas*. Pontevedra: Kalandraka, 2003.
- Eu son eu*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004.
- Un misterio na mochila de Alba*. Barcelona: Planeta & Oxford, 2005.
- O meu avó é unha gata*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005.
- ¿Quen me quere adoptar?* Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005.
- Isha, nacida do corazón*. Barcelona: Edebé-Rodeira, 2006.
- ¡¡¡Lume!!!* A Coruña: Rodeira, 2006.
- Un día de caca e vaca*. A Coruña: Baía Edicións, 2006.
- A lagoa das nenas mudas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2007.
- A pomba e o degolado*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2007.
- Gordiño Recheo*. Madrid: SM, 2007.
- Apertas de vainilla*. Vigo: Galaxia, 2007.
- Xela volveuse vampira!!* A Coruña: Baía Edicións, 2007.
- Un cabalo de lume*. A Coruña: Baía Edicións, 2007.
- Ola, estúpido monstro peludo!* Vigo: Galaxia, 2007.
- O misterio da casa do pombal*. Vigo: SM Xerme, 2008.
- Papá e meu*. Vigo: Galaxia, 2009.
- Fiz, o coleccionista de medos*. Pontevedra: OQO, 2009.
- Pesadelo no tren chocolate*. Vigo: Galaxia, 2009.
- Un saco de estrelas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2010.
- ¿E ti que farías por min?* Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2010.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2013

O Día das Letras Galegas do ano 2013 dedicouse a Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002).

O seu nomeamento produciuse na sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Real Academia Galega o día 22 de xuño de 2012.

A súa proposta atende á importancia da figura do autor para o teatro nacional galego. É o dramaturgo máis prolíxo da historia da nosa literatura, o que, sumado á calidade dos seus textos, o converte nunha figura imprescindible do noso sistema literario e nun dos dramaturgos europeos máis importantes do último cuarto de século.

A produción de Roberto Vidal Bolaño caracterízase por un irrevogable compromiso coa lingua galega, pois estamos ante un autor radicalmente monolingüe, que contribuíu á definitiva instalación do teatro galego na nosa lingua. Ademais, hai na súa obra un compromiso estético. Os estudosos coinciden en salientar a súa constante preocupación pola experimentación, polo diálogo coa tradición culta e popular, literaria e histórica, social e política.

Máis aló do seu constante labor profesional apegado aos escenarios, no que tocou todos os ámbitos da produción teatral, foi tamén un excelente actor e un dos pioneiros na produción audiovisual en Galicia, na que deixou trazadas as liñas para o desenvolvemento dun campo audiovisual galego que se expresase na

lingua propia. E por riba de todo, foi un extraordinario escritor. Fixo literatura dramática a consciencia, con vontade de intervir no sistema literario galego, de dialogar con outras obras e autores, de apoiarse nos clásicos (como Rosalía, Otero Pedrayo ou Cunqueiro) e na obra dos seus contemporáneos. Súa foi a translación aos escenarios do Percival de Méndez Ferrín ou da Rosalía de Otero Pedrayo. Era un escritor consciente da pertenza da súa obra a un sistema literario rico e dinámico, en constante desenvolvemento.

A súa obra merece ser revisitada nos escenarios e especialmente nos textos; Roberto Vidal Bolaño foi quen non xa de describir o seu tempo, senón, sobre todo, de transformalo. O teatro galego sábeo ben.



Caricatura de Roberto Vidal Bolaño,
por Siro.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Antón Dobao

BIOGRAFÍA

Roberto Vidal Bolaño naceu en Compostela o mesmo ano en que morreu Castelao en Buenos Aires. Foi o derradeiro día do mes de xullo, no barrio de Vista Alegre, un barrio proletario compostelán onde empezaría máis adiante os seus primeiros estudos. Entre o seu nacemento e a data na que se dá conta da estrea da súa primeira peza teatral, 1965, cando só tiña quince anos, a súa vida transcorre entre o traballo e uns precoces inicios formativos co cinema e coa literatura, que acompañaban os seus días de estudo. Desde moi novo, con apenas doce anos, comeza a traballar como administrativo nunha empresa de recambios de coches. Ata que lle toca ir a Ceuta para facer o servizo militar no exército español, entre os anos 1971 e 1973, coñece oficios que van desde os ultramarinos ou o automóbil ata unha axencia de viaxes. Mais as ataduras laborais, en dedicación e en tempo, e a humana pulsión que o convidaba a se liberar delas encirran a súa necesidade de formación e enriquecemento artístico e cultural.

A narración de historias con personaxes en movemento que se exhiben en toda a súa complexidade ante os ollos de todos parece fascinalo especialmente. Primeiro, o mundo do cine, que o manterá sometido ás súas luces e aos seus modos narrativos para sempre. Tamén como espectador dalgunhas representacións teatrais, as que pode haber na Compostela da época, como a dun Auto Sacramental na praza da Quintana a cargo da compañía Ditea, dirixida por Agustín Magán. A súa formación intelectual fase configurando tamén, supoñemos, nos estudos que en horario nocturno proletario seguía no Instituto Xelmírez, disque coa intención de conseguir o título de bacharelato elemental para poder matricularse na Escola Oficial de Cine de Madrid. Foi un proxecto truncado, pois uns anos despois, cando estaba disposto a ingresar na Escola, esta pechou. Non lle quedou máis remedio que ir adquirindo a súa formación cinematográfica lonxe das frías paredes dunha escola da época. Acumulouna engordio a base de ver moito bo cine e tamén de tomar clases prácticas dos mellores mestres posibles: de Wells, do sempre admirado John Ford, de Bergman, de Pasolini, de todo aquel que tivese algo que dicir na arte das figuras en movemento e que o dixese dunha maneira diferente, extraordinaria. No ano 1964 asiste ás sesións do cineclub de la Asociación Fotográfica Compostelana, onde toda a súa intuición narrativa e dramática se alicerza xa cun coñecemento

máis directo dos grandes mestres do cinema universal e cos vangardismos que na altura lle dan potencia á expresión cinematográfica. Toda esta amálgama de coñecementos e experiencias debuxa unha pegada resistente en cada un dos textos que Roberto Vidal Bolaño nos deixou. Nada do seu teatro se entendería sen o seu amor polo cine. Roberto sempre recoñeceu que en realidade o seu desexo era ser director, pero a ausencia dunha industria audiovisual e dun campo cinematográfico normalizado –ou con proxección normalizadora– fixeron imposible que a súa utopía vital cristalizase. Non é que a súa obra teatral sexa a consecuencia dunha frustración, en absoluto; non deixa de ser unha feliz coincidencia esixida pola teima de Vidal Bolaño en armar un artefacto literario e teatral á medida das súas necesidades vitais e superador das potencialidades desta nación. Sempre, desde o Rexurdimento ata os nosos días, o campo literario galego é o resultado de múltiples vontades de superación das condicións que a realidade de dependencia e subalternidade impoñen. Roberto Vidal Bolaño armou un Teatro Nacional desde a conciencia das necesidades, desde a necesidade de superación das marxes que a realidade impuña.

A súa condición de asalariado e de home en proceso de formación relaciónano, sendo aínda un neno, coas Xuventudes Obreiras Cristiás, as XOC, que constituíron a porta de acceso á militancia sindical e política antifranquista durante a Longa Noite de Pedra. Precisamente, a súa primeira peza teatral, *O Xogadeiro*, estréaa Roberto Vidal Bolaño no colexio Placeres de Marín, durante a celebración do Día do Aprendiz programado por esta organización obreira. Por desgraza, non conservamos esa obra fundacional do seu teatro. Mais aí, nesa experiencia sen testemuño, comeza a historia do autor máis prolífico da nosa literatura, do dramaturgo esencial do noso teatro, do cineasta que dirixiu teatro porque non puido facer cine.

No ano 1971, entra en contacto co Equipo Lupa, formado un ano antes por Euloxio R. Ruibal e Félix Casado. Co Equipo Lupa, Vidal Bolaño bate, ademais, con certas formas do teatro popular, con formas de representación parateatral nucleares nas manifestacións antropolóxicas de Galicia. O traballo do Equipo Lupa non pode colmar as aspiracións cinematográficas de Roberto, entre moitos outros aspectos, por mor da brevidade de tan interesante experiencia, que non chegaría para aló de tres anos máis, pero permítelle adquirir un gran coñecemento da cultura popular galega e das súas representacións parateatrais. Tamén lle serve para afianzar o coñecemento das técnicas narrativas e cinematográficas coas que xa se ía familiarizando uns anos antes como atento espectador. A experiencia co Equipo Lupa, enormemente enriquecedora, tamén lle serve para tomar contacto, da man de Euloxio Ruibal, con dramaturgos como Bertolt Brecht, por quen sempre sentirá unha admiración especial que o levará mesmo a armar a súa *Ópera de a patación* (1994). Tamén coñece por esa época a Meyerhold, un autor esencial para o teatro contemporáneo e para a súa relación coa creación cinematográfica. En Roberto

Vidal Bolaño, a relación entre o teatro e o cinema e a concepción rupturista do espazo teatral e do decorado estarán presentes en cada un dos seus textos, en cada unha das súas montaxes, en cada dramaturxia. Estábase producindo nel, nesa súa primeira fase creativa, unha dualidade de intereses que non o abandonaría endexa-mais. Sempre que puido, participou en proxectos audiovisuais, ben como actor, ben como guionista, ben como creador, e esa era a súa forma de satisfacer a comprendida necesidade dun audiovisual galego, dun Cine Nacional que nos servise como expresión cultural. Son moitos os proxectos que Roberto Vidal Bolaño transfigurou en linguaxe audiovisual. A maior parte deles non puideron cristalizar. Os tempos nunca foron bos para esta expresión cultural, aínda hoxe sumida na subalternidade. E esa subalternidade explica así mesmo que no período de multiplicación de proxectos e produtoras audiovisuais, con importantes apoios públicos, Roberto Vidal Bolaño quedase á marxe. Ninguén, quitada algunha excepción, recorreu a el como guionista nin como director. Ninguén confiou nos múltiples proxectos que ideou. A subalternidade audiovisual galega e o seu sometemento ao mercado impediron que Roberto Vidal Bolaño lle ofrecese a un Cinema Nacional o que lle ofreceu ao teatro e á literatura dramática. O Cinema Nacional foi substituído por un cinema subalterno, e a lingua galega non foi protagonista do campo audiovisual como o foi e o será do teatro e a literatura. E da relación entre o teatro e a lingua é responsable maior Roberto Vidal Bolaño, cuxa importancia histórica é semellante á dos nosos poetas do Rexurdimento. Vidal Bolaño, con Curros, Rosalía, Pondal. Non foi o del un labor realizado en solitario, certo, nin é o primeiro autor de textos teatrais en galego, pero o seu traballo de máis de trinta anos moi frutíferos fixo posible que a dramaturxia galega sexa tamén, coma a literatura, territorio independente.

En 1974 entra a traballar nunha oficina bancaria de Compostela, pero xa dá pasos cara á súa profesionalización no teatro. Crea con Xaquín García Marcos o grupo de teatro Antroido e dirixe en 1975 o espectáculo *Amor e crimes de Xan o Panteira*, de Eduardo Blanco-Amor, no que participa tamén como actor. Un ano despois, chega *Laudamuco, señor de ningures*, aquela reflexión sobre as formas do poder tan próxima ao esperpento, que recibirá o Premio Abrente. A peza publicarase en 1977, canda as *Ledañas pola morte do Meco*.

En 1976, casa con Laura Ponte, unha das nosas máis grandes actrices. Roberto Vidal Bolaño vive unha fase dunha intensa actividade teatral e creativa. Son os primeiros anos dun teatro galego que toma conciencia de si, nos que Vidal Bolaño é figura dinamizadora e protagonista das montaxes máis sobranceiras como director, como dramaturgo e tamén como actor. Talvez entre todas elas, o *Laudamuco* sexa a máis lembrada, porque irrompeu nun tempo escuro coma un disparo de luz e de liberdade expresiva e creativa. Pero entre o ano en que se crea o grupo Antroido e o da creación do Centro Dramático Galego (1984), na que Roberto participa tamén activamente, hai unha mancha de obras que lle dan corpo á nosa dramaturxia e

empezan a facer posible que hoxe poidamos falar dunha literatura dramática plenamente activa no campo literario galego.

En 1977, Roberto Vidal Bolaño é despedido da entidade bancaria na que traballaba. Esa incidencia laboral tamén determinará a intensidade e a insistencia da súa dedicación ao teatro. *Memoria de mortos e ausentes* (1978), *Antroido na rúa* (1978), *Ruada das papas e do unto* (1981), *Touporroutou da lúa e do sol* (1982) ou *Romance dos figos de ouro* (1983) son algúns dos seus espectáculos durante o dito período. Mais neses anos destaca sobre todo a estrea, un 16 de maio de 1978, do citado *Laudamuco, señor de ningures*, no Colexio La Salle, de Santiago de Compostela, dirixido por Eduardo Alonso, no que Roberto é actor protagonista. E tamén a estrea en 1980 do seu texto *Bailadela da morte ditosa*, un espectáculo do Teatro do Estaribel con dirección de Eduardo Alonso, que recibiría ese mesmo ano o Premio Abrente. O Teatro do Estaribel fora unha cooperativa na que participaron os grupos Antroido e Andrómena.

En 1983, Roberto Vidal Bolaño regresa a unha das súas actividades recorrentes: a dramaturxia sobre textos doutros autores da literatura galega. Era 1983, e o *Percival e outras historias* de X. L. Méndez Ferrín líase coma un clásico da nosa literatura e interpretábase non só en clave literaria senón tamén na súa dimensión política. Roberto mergúllase no seu universo e constrúe unha brillante dramaturxia para o espectáculo *Percival*, producido por Teatro Antroido, no que participa ademais como actor protagonista e director. O *Percival* de Roberto Vidal Bolaño, un espectáculo multidisciplinar no que se combinan actores con bonecos e se acompaña con música e proxeccións, vai recadando un éxito notable en Galicia e fóra. Consegue un importante número de representacións e, como era de esperar, tamén recada polémica tanto pola súa proposta estética como pola súa liña política, que deriva do texto e o espectáculo enfatiza á mantenta. Roberto Vidal Bolaño nunca esquivou expresarse sen censuras, construindo a súa arte coas ferramentas máis ousadas, en claro compromiso sempre con ela e mais coa realidade, cos pobres, cos derrotados e cos excluídos, fosen individuos, fosen pobos. Galicia foi, por tanto, cerna das súas preocupacións e dedicacións. Galicia como personificación do seu pobo traballador, humilde e oprimido. O texto orixinario de Méndez Ferrín era un excelente punto de partida para armar un dos espectáculos máis ousados e profundos da historia da nosa dramaturxia. Esa ousadía artística –e política– e esa profundidade guiaron sempre o labor artístico de Roberto Vidal Bolaño, por riba de calquera outra consideración, e tal independencia arriscada non lle impediu establecer unha relación moi frutífera co público espectador, que acudiu en grandísimas cantidades aos seus espectáculos. Todo o contrario. Era a súa maior garantía.

O mesmo ano da creación do Centro Dramático Galego (CDG), Roberto Vidal Bolaño escribe e dirixe *Agasallo de sombras*, unha visión desmitificadora e densa

arredor de Rosalía de Castro e da súa relación con Manuel Murguía. A obra, poética, fermosa e dura a un tempo, é a segunda montaxe do CDG. E, curiosamente, o que debería de ser o inicio dunha colaboración estreita, continua e mutuamente enriquecedora entre o noso centro dramático nacional e o autor, director e actor que se implicou vitalmente na edificación do teatro que o CDG debía coidar, proxectar, asentar e desenvolver, acabou por ser o principio dun período en que o dramaturgo sufriu certo distanciamento do ámbito teatral e participou máis continuamente nalgunhas actividades da industria audiovisual. A razón non foi unha escolla persoal de Vidal Bolaño, senón a consecuencia dunha polémica que mantivo con representantes do poder político, dos que dubidaba que tivesen o interese suficiente polo teatro galego como para que deles dependese o CDG. Roberto Vidal Bolaño foi consecuentemente belixerante na defensa non só do teatro nacional senón do propio Centro Dramático, e iso custoulle verse apartado da posibilidade de seguir colaborando coa institución durante unha boa temporada. Foi literalmente vetado polo poder político e a pesar de todo non recibiu o apoio e a solidariedade necesaria da totalidade dos seus compañeiros de profesión. O seu *Caprice des Dieux*, un monólogo estreado en 1985, escrito e interpretado por el, é unha visión profundamente crítica do teatro galego e dos seus personaxes.

Esta experiencia convídao a tomar distancia respecto ao teatro institucional e mesmo respecto á posibilidade de desenvolverse profesionalmente no eido teatral. Así, sen abandonar a escrita nin o espectáculo teatral, a súa participación en proxectos audiovisuais vai tomando máis corpo. E será no sector audiovisual no que encontre, ata o ano 1991, en que obtén o Premio Álvaro Cunqueiro con *Saxo Tenor*, a súa principal fonte de ingresos.

No ano 1985, nace a Televisión de Galicia, e con ela empeza a andar o xermolo das primeiras industrias audiovisuais. Entre elas, a da dobraxe de películas ao galego. Roberto Vidal Bolaño participa como actor, director de sala e director artístico da produtora CTV-Galaxia neses primeiros pasos que a nova actividade artística empeza a dar en Galicia. Asume ese traballo non só como un medio de vida, senón como un labor profesional e artístico de primeira importancia para un proceso de normalización cultural e lingüística que empeza a pilotar a TVG, que emite a totalidade da súa programación en galego. A TVG será o primeiro medio de masas da historia de Galicia que se enfrente á necesidade de cubrir a totalidade da súa programación con todo o repertorio de roles da lingua, de amosala, polo menos virtualmente, como unha lingua plenamente normalizada. Para ese labor ten que contribuír tamén, e coa máxima eficacia, a dobraxe de películas. Entre elas, algunhas das obras mestras do cinema universal, que tan ben coñecía Roberto. Contribuír a activar unha industria da dobraxe en Galicia podía ser un interesante primeiro chanzo para armar o imprescindible sistema audiovisual galego. O cine

galego plenamente normalizado tería moito avanzado se a industria da dobraxe se asentaba e se a relación entre as producións dobradas e o gran núcleo de espectadores era frutífera. A ese importante labor se consagrou tamén, durante un período importante da súa vida, Roberto Vidal Bolaño.

Durante eses anos de traballo para a industria audiovisual, ensaiou a posibilidade de elaborar produtos que puidesen constituírse nun xermolo contemporáneo da industria cinematográfica que nunca tivemos e do cinema nacional que inda nunca deu cristalizado de todo. Roberto Vidal Bolaño comprendía que o labor da TVG era central nese proceso, por iso proxectou diversas propostas de produción para a televisión pública. Así, contra 1987 escribe e dirixe *Novo de Parmuíde*, unha película de 56 minutos baseada en relatos de Álvaro Cunqueiro. Pero tamén contribúe como actor noutros proxectos, como *Sempre Xonxa* (1989), de Chano Piñeiro, película fundacional do noso incipiente cinema nacional, ou como a serie emitida pola TVG *Os outros feirantes* (1989), dirixida por Xosé Cermeño e baseada en textos da obra homónima de Álvaro Cunqueiro. O seu *Novo de Parmuíde* fora, ao cabo, o xermolo non só desta serie, senón tamén doutras experiencias posteriores que quixeron engastar a expresión literaria galega e a nacente cultura audiovisual. Por esa época, comeza tamén a rodaxe do episodio piloto da serie *Morosos Varios*, que el mesmo escribe e dirixe.

Durante todos eses anos, desde a creación do CDG ata que funda en 1992 con Belén Quintáns a compañía Teatro do Aquí, o teatro non deixa nunca de estar na cerna das súas actividades creativas, pero inviste moitos esforzos, e non todos co resultado merecido, en proxectos para un campo audiovisual galego que non quixo ver nel máis ca o excelente actor que tamén era. Son moitos os produtos audiovisuais que Vidal Bolaño proxecta, e non sempre con receptividade por parte das empresas do sector. Talvez porque os proxectos eran pouco coincidentes. Por iso, a participación do noso dramaturgo en producións audiovisuais foi máis importante como actor; poucas veces lle ofreceron dirixir ou escribir unha película, unha serie, un episodio. Ata que no ano 2001 participa como guionista e como actor na miniserie *Un Mundo de Historias*, unha produción da TVG consistente na adaptación de relatos da nosa literatura. Roberto Vidal Bolaño encargouse da adaptación de “Cara de Lúa”, de Ánxel Fole, e de “O noxo” de Eduardo Blanco-Amor. Tamén estaba previsto que dirixise os episodios correspondentes a eses relatos, pero a súa enfermidade, diagnosticada no medio da rodaxe, apartouno desa posibilidade. Ademais dos guións destes dous episodios, Roberto Vidal Bolaño participou ata os seus últimos días no equipo de desenvolvemento dese proxecto da TVG.

Durante o seu período de maior actividade audiovisual, Roberto seguiu escribindo, dirixindo e producindo teatro. *Cochos* (1986) é talvez a súa peza máis

salientable, aínda que tamén cómpre destacar a súa dirección, canda John Eastman, do grupo Chévere, da adaptación da *Salomé* de Oscar Wilde.

Roberto Vidal Bolaño sepárase de Laura Ponte no ano 1988. Ese mesmo ano comeza unha relación sentimental con Cruz Comesaña, unha das actrices máis activas do momento. Esa relación creba en 1989 por culpa da morte prematura da actriz. En 1992 volve casar, desta volta con Belén Quintáns, a quen coñeceu un par de anos antes, que sería a súa compañeira ata o derradeiro momento, non só no plano persoal, senón tamén no profesional. Con ela funda ese mesmo ano a compañía Teatro do Aquí, coa que Roberto Vidal Bolaño, con Belén como produtora, poñería en escena talvez o máis poderoso da súa inxente produción dramática. Un ano antes, en 1991, conseguía o Premio Álvaro Cunqueiro coa súa obra *Saxo Tenor*, unha peza dramática de clara raizame cinematográfica. Entre ese ano e o ano da súa morte, en 2002, Roberto, sen abandonar de todo a súa conexión co mundo audiovisual, sobre todo como actor e esporadicamente como guionista e director, reincorpórase con plenitude ao campo teatral. Son, talvez, os seus anos máis produtivos, non só como dramaturgo, tamén como actor, director, iluminador, etc. É a satisfacción dunha das súas metas: a plena profesionalización teatral.

Dese mesmo ano 1992 é *Días sen gloria*, que obtén o Premio Rafael Dieste e queda finalista do Premio Nacional de Literatura. Tamén saen ás librerías algúns dos seus textos xa clásicos, como *Bailadela da morte ditosa*, *Agasallo de sombras* ou *Cochos*. En 1993 dirixe para a súa compañía *Saxo Tenor*. O espectáculo é probablemente a primeira gran produción do teatro galego independente. O texto será publicado por Edicións Xerais de Galicia. Tamén estrea coa mesma compañía *Días sen gloria*, dirixida por Quico Cadaval, na que participa como protagonista.

En 1994, Roberto Vidal Bolaño recibe o primeiro premio do certame Camiño de Santiago de Teatro Profesional por unha obra que necesariamente ía levantar polémica: *As actas escuras*. Era o derradeiro decenio do século XX, pero preguntarse pola verdade e as súas formas, pola relación entre a relixión e a ciencia, pola razón e a fe, pola certeza dunha investigación ocorrida no século XIX arredor do que realmente garda a tumba do Apóstolo de Compostela talvez non era a mellor maneira de gañar a aprobación do poder político. Talvez o nacionalcatolicismo triunfante en 1936 non abandonara aínda o terreo conquistado. *As actas escuras* sufriron un proceso que as condenou ao silencio. Os que convocaron o premio incumpriron as súas propias bases. O texto non chegou á edición ata 1997, cando a Asociación Socio-Pedagóxica Galega o publica nun volume colectivo, canda un texto de Manuel Lourenzo e outro de Euloxio R. Ruibal. Máis tarde, xa falecido Roberto, o Concello de Santiago e *A Nosa Terra* farían unha fermosa edición conxunta con ilustracións de Pepe Carreiro. *As actas escuras* tampouco saírían ao escenario ata máis de quince anos despois, nun espectáculo dirixido por Xulio Lago para o CDG. Roberto non puido chegar á estrea. A literatura de Roberto Vidal Bolaño non deixou nunca de

dar voltas iradas e críticas ao redor do poder e as súas múltiples formas. Voltas en espiral, en avance directo ao corazón negro do dominio, da explotación, do control. *As actas escuras* son un episodio máis desa brillante carreira literaria, neste caso en forma dunha peza dramática de estrutura e tramas cinematográficas, unha película sobre un escenario contada coa mestría espazo-temporal e de creación de personaxes que se lle esixiría á mellor das novelas. Nesta obra, Roberto Vidal Bolaño móstrase coma un dos escritores máis sobranceiros e profundos da nosa literatura.

Sería interminable unha relación exhaustiva de todos os seus textos, estreas, premios e galardóns diversos nos últimos dez anos da súa vida. Abonde con lembrar algunhas outras das pezas cimeiras da súa literatura, e da literatura galega, como *Rastros*, estreada en 1998, *Doentes*, Premio Rafael Dieste en 1997, *Anxeliños* (1997), *Criaturas* (2000), *A burla do galo* (2000), *Mar revolto* (2001) ou *Sen ir máis lonxe*, un monólogo estreado en 1999 e publicado en 2002 na revista *A Trabe de Ouro*, dirixida por X.L. Méndez Ferrín, quen o cualificou coma o testamento teatral de Roberto Vidal Bolaño. Pero a carón dese mangado de textos, que sen dúbida fan parte esencial da literatura galega, tamén deixou o seu labor como dramaturgo na adaptación e dirección dalgunhas obras doutros dos nosos autores senlleiros. Entre elas, cómpre destacar a súa montaxe do texto de Daniel Cortezón *Xelmírez ou a gloria de Compostela* (1999) e, sobranceiramente, a *Rosalía*, de Ramón Otero Pedrayo, un autor que Roberto Vidal Bolaño admirou como a poucos. Esta derradeira fase da súa vida foi tan prolixa en textos e montaxes teatrais coma en merecidos premios, non só como autor, senón tamén como actor, como director, como escenógrafo e mesmo como iluminador. Era o constante e merecido recoñecemento a unha figura capital do noso teatro e da nosa literatura.

No ano 2002, a compañía Teatro do Aquí estrea *Animaliños*, unha montaxe na que Vidal Bolaño non só achega o texto, senón tamén a dirección, o espazo escénico e a iluminación. É o seu derradeiro traballo dramático. O 11 de setembro, pouco despois da publicación do monólogo *Sen ir máis lonxe*, a enfermidade, que non o dera apartado dos escenarios nin dos seus textos, armouse de carraxe e levouno canda ela. Morreu na cidade en que viu a luz por primeira vez. Morreu en Compostela. Só tiña 52 anos, e deixaba tres fillos, Roi, Miguel e Carme, e unha obra tan intensa e xenial como numerosa. Estaba no mellor da súa vida creativa. Ninguén saberá nunca canto podería aínda achegarlles ás nosas letras de non ser por unha morte tan extemporánea. Pero si que sabemos o que nos deixou: unha grandiosa obra dramática e un compromiso humano e vital inesquecibles.

Os amigos, familiares e compañeiros velámolo aquel 11 de setembro de 2002 no Salón Teatro, fielmente acompañado polo seu chapeu e o seu nariz de pallaso. Ao outro día, deixámolo descansando para sempre en Boisaca. Orfos da súa compañía, pero enriquecidos coa súa inmensa capacidade creativa.

OBRA**Teatro**

- Laudamuco, señor de ningures; Ledañas pola morte do Meco.* Santiago de Compostela: Pico Sagro, 1977.
- Bailadela da morte ditosa.* Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1992.
- Agasallo de sombras.* Santiago de Compostela: El Correo Gallego, 1992.
- Cochos.* Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1992.
- Días sen gloria.* A Coruña: Deputación Provincial, 1992.
- Saxo Tenor.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1993.
- Touporroutou da lúa e do sol.* A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1996.
- Doentes.* A Coruña: Deputación Provincial, 1998.
- A ópera de a patacón.* Vigo: Edicións Xerais, 1998.
- Rastros.* Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 1998.
- Mar revolto.* Santiago de Compostela: IGAEM, 2001.
- Animaliños.* Santiago de Compostela: Follas Novas, 2003.
- Integral.* Ferrol: Edicións Embora, 2003.
- A burla do galo.* Santiago de Compostela: IGAEM, 2004. [Vídeo-DVD].
- As actas escuras.* Santiago de Compostela: Concellaría de Cultura, 2005.
- Obras Completas.* Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2013. Vol. I.
- Obras Completas.* Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2013. Vol. II.
- Ruada das papas e o unto:* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2013.
- Obras Completas.* Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2013. Vol. III.

Sobre o autor e a súa obra

- Becerra, Carmen e Teresa Vilariño (eds.) (2002): *Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico. Estudos críticos seguidos da comedia iAnxeliños!*. Lugo: TrisTram.
- Becerra de Becerreá, Afonso (2012): *Roberto Vidal Bolaño e o xogo do teatro.* Brión: Laiovento.
- Fernández Castro, Xosé Manuel (2011): *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; Bertamiráns: Laiovento.
- Franco Iglesias, Camilo (2012): *Dez obras na vida de Vidal Bolaño.* Cesuras: Biblos Clube de Lectores.
- Pascual Rodríguez, Roberto (2013): *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Pena Presas, Montse e Gonzalo Enríquez Veloso (2013): *Un chapéu negro e un nariz de pallaso.* Vigo: Galaxia.

Tato Fontaíña, Laura (2013): *Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro*. Noia: Toxosoutos.

Vidal Ponte, Roi (2013): *Fóra de portas. Paseo libre e non moi respectuoso polos tempos e lugares de Roberto Vidal Bolaño*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

SESIÓN ACADÉMICA

Os actos conmemorativos transcorreron no concello de Santiago de Compostela e o acto central tivo lugar ás 12.00 horas no Teatro Principal, segundo o seguinte programa:

Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega, coa intervención dos Excmos./as Sres./as Académicos/as:

D.^a Margarita Ledo Andión
D. Euloxio Rodríguez Ruibal
D. Francisco Fernández Rei

Pechou o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega
D. Xesús Alonso Montero.



Día das Letras Galegas 17 de maio de 2013, Santiago de Compostela

Programa dos actos conmemorativos organizados pola Real Academia Galega

O presidente da Real Academia Galega,
Xesús Alonso Montero,
comprácese en convidar a vostede aos actos conmemorativos
que celebrará a institución en Santiago de Compostela
o día 17 de maio con motivo do Día das Letras Galegas
dedicado a **Roberto Vidal Bolaño**.

Orde dos actos

12:00 horas
Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega
no Teatro Principal (rúa Nova, 23 - Santiago de Compostela),
coas seguintes intervencións:

Excmo. Sra. D.^a Margarita Ledo Andión
Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal
Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei

Pecha o acto o
Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega
D. Xesús Alonso Montero




Real Academia Galega
Rúa Teófilo, 12 - 15001 A Coruña
Tel: 981 207 100 - Fax: 981 214 447
correo: acad@realacademiagalega.org
www.realacademiagalega.org

Fotografía:
Rosaldo Barreiro



A académica Margarita Ledo durante a súa alocución.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



Intervención de Euloxio R. Ruibal. Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.




Aspecto do interior do Teatro Principal durante a Sesión Plenaria.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.



Francisco Fernández Rei foi o último en intervir.
Real Academia Galega. Arquivo / Foto: Xosé Castro.

SIMPÓSIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO

O Simposio Roberto Vidal Bolaño celebrouse o 17 de decembro de 2013, no salón de graos da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, na súa sesión matutina, e no salón de actos da Real Academia Galega na sesión de tarde. Para a súa organización, a Real Academia Galega contou coa colaboración da Universidade da Coruña e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.



PROGRAMA

SESIÓN DE MAÑÁ

[Salón de Graos da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña]

- 9.30-10.00 Recepción de participantes
 Apertura da exposición “Roberto Vidal Bolaño na Biblioteca-Arquivo
 Teatro Francisco Pillado Mayor”
- 10.00-10.30 Inauguración
- 10.30-11.30 “Encarnar o país: Galiza e as súas xentes no teatro de Roberto Vidal
 Bolaño” / Iolanda Ogando (Universidade de Extremadura)
- 11.30-12.00 Descanso
- 12.00-13.30 “As facetas artísticas de Vidal Bolaño” / Anxo Abuín, Mónica Camaño
 e Comba Campoy (Mesa redonda)

SESIÓN DE TARDE

[Salón de Actos da Real Academia Galega]

- 16.30-17.30 “Tempo de seitura: os novos escenarios que nos deixa o ano Roberto Vidal Bolaño” / Roberto Pascual (Escola Superior de Arte Dramática de Galicia)
- 17.30-18.00 Descanso
- 18.00-19.30 “A dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño” / Gustavo Pernas, Afonso Becerra e Xulio Lago (Mesa redonda)
- 19.30-20.30 “Recuperando a RVB” / Documental comentado polo seu director, Gonzalo Enríquez Veloso.



Iolanda Ogando impartiu a primeira conferencia do Simposio. Real Academia Galega. Arquivo.



Mesa redonda da sesión de mañá. De esquerda a dereita, Anxo Abuín, Comba Campoy, Mónica Camaño e Inma López Silva. Real Academia Galega. Arquivo.



Na sesión de tarde, Gustavo Pernas e Afonso Becerra. Real Academia Galega. Arquivo.

MÁSCARA FÓRA! HOMENAXE A MANUEL PARDO DE ANDRADE

No bicentenario da publicación da obra de Manuel Pardo de Andrade *Os rogos dun gallego establecido en Londres, dedicados ós seus paisanos para abri-lles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que verá o curioso lector*, a Academia celebrou unhas xornadas de homenaxe ao autor, que se desenvolveron segundo o seguinte programa:

5 DE NOVENBRO

[Salón de Actos da RAG]

18.30-19.00 Inauguración

19.00-20.30 “Manuel Pardo de Andrade e a Galicia do seu tempo” /
/ Xosé Ramón Barreiro Fernández

“Semblanza de Manuel Pardo de Andrade” /
/ María Rosa Saurin de la Iglesia

“Notas sobre o exilio en Francia de Manuel Pardo de Andrade” /
/ Gonzalo Navaza

12 DE NOVENBRO

[Facultade de Ciencias da Comunicación
da Universidade de Santiago de Compostela]

19.00-20.30 “Axitación e construción da esfera pública” /
/ Margarita Ledo Andiñón

“Os recursos do xornalista” / Víctor Fernández Freixanes

“A Inquisición contra o Evanxeo” / Andrés Torres Queiruga

21 DE NOVENBRO

[Centro Cultural A Fábrica de Oleiros]

19.00-20.30 “A obra en galego de Manuel Pardo de Andrade” /
/ Henrique Monteagudo

“O idioma galego na obra de Manuel Pardo de Andrade” /
/ Rosario Álvarez Blanco


“Da excelencia literaria dun romance de cego” /
/ Xesús Alonso Montero

20.45 Clausura


Con motivo da homenaxe a Pardo de Andrade editouse o libro *Manuel Pardo de Andrade. Rogos dun galego contra a Inquisición e outros versos liberais (1813-1814)*, edición de Henrique Monteagudo, do que se repartiu gratuitamente un exemplar ás persoas que asistiron ás xornadas.



Na derradeira sesión, Henrique Monteagudo, Ángel García Seoane e Xesús Alonso Montero.
Real Academia Galega. Arquivo.



Manuel Pardo de Andrade
Rogos dun galego contra a Inquisición
e outros versos liberais
(1813-14)



Cubertas do libro *Manuel Pardo de Andrade. Rogos dun galego contra a Inquisición e outros versos liberais (1813-1814)*, e do facsímile dos *Rogos dun escolar gallego* incluído nesa obra.

OUTROS ACTOS E INFORMACIÓNS

8 de xaneiro de 2013. Conferencia, no salón de actos, do profesor mozambicano Gervásio Absolone Chambo, titulada “Convivência e desconvivência lingüística entre as línguas bantu e a língua portuguesa”, dentro do ciclo “Lingua, Literatura e Nación”, organizado pola Agrupaçóm Cultural O Facho.

5 de febreiro de 2013. Presentación da obra *Diccionario de alimentación e restauración galego-castelán-inglés*, no Centro de Formación e Cultura Gastronómica de Hostelería de Compostela. A presentación contou coa asistencia, entre outras persoas, do conselleiro de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad e do presidente da Academia, Xosé Luís Méndez Ferrín.

15 de febreiro de 2013. Presentación dos actos conmemorativos do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. O presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, o presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira Viturro, o vicerreitor da Universidade de Vigo, Xosé Henrique Costas, e o representante da Asociación de Gaiteiros Galegos, Olimpio Xiráldez, nunha conferencia de prensa celebrada no Museo do Pobo Galego, presentaron o programa de actos de “Rosalía 2013”.

19 de febreiro de 2013. Conferencia, no salón de actos, do doutor e profesor no Departamento de Física de Partículas na área de Física Atómica Molecular e Nuclear da Universidade de Santiago de Compostela, Cibrán Santamarina Ríos, titulada “Pescudando na orixe da materia”, dentro do ciclo “O saber científico na Galiza”, organizado pola Agrupaçóm Cultural O Facho.

19 de febreiro de 2013. Presentación da obra *Saiban cantos estas cartas viren*, que recolle a correspondencia mantida entre Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal entre os anos 1955 e 1961 e forma parte da colección de Anexos dos Cadernos Ramón Piñeiro. No acto, celebrado na Fundación Fernando Sales, en Vigo, estiveron presentes Xesús Vázquez Abad, Xosé Luís Méndez Ferrín, Valentín García, César Cunqueiro, e o propio Alberto Casal.

24 de febreiro de 2013. Dentro do programa de actos “Rosalía 2013” conmemorouse o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro cun recital poético celebrado na Casa de Rosalía en Padrón, onde interviñeron personalidades culturais, sociais e políticas de toda Galicia. Entre os participantes no acto encontrábanse o presidente e o secretario da Real Academia Galega, así como os académicos de número Rosario Álvarez Blanco, Xesús Alonso Montero, Francisco Fernández Rei, Manuel González González, Xesús Ferro Ruibal e Víctor Fernández Freixanes.

26 de febreiro de 2013. Conferencia, no salón de actos, do doutor e historiador Carlos Sixirei Paredes, titulada “Os galegos nas independencias latinoamericanas”, dentro do ciclo “Economía, Historia e Ciencias Sociais” organizado pola Agrupación Cultural O Facho.

28 de febreiro de 2013. Presentación, no salón de actos, do *Diccionario de alimentación e restauración*, coa presenza de Xosé Luís Méndez Ferrín, Valentín García Gómez e Manuel González González.

12 de marzo de 2013. Conferencia, no salón de actos, do doutor en psicoloxía Xosé V. Martínez Romero Gandos, titulada “Ricardo Palmas Casal. Un galego do alén-mar”, dentro do ciclo “Lingua, Literatura e Nación”, organizado pola Agrupación Cultural O Facho.

24 de marzo de 2013. Plenario extraordinario da Real Academia Galega en homenaxe a Francisco Fernández del Riego no centenario do seu nacemento. No acto, celebrado na Casa Galega da Cultura, sede da Fundación Penzol, en Vigo, interviñeron os académicos de número Ramón Lorenzo Vázquez, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xesús Alonso Montero.

3 de abril de 2013. Acto de homenaxe ao que foi Presidente da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega na Habana e académico de honra da Real Academia Galega, José Rubinos Ramos, con motivo do 115 aniversario do seu nacemento. Acto coordinado pola IBS Padre Rubinos e a RAG.

10 de abril de 2013. Homenaxe á republicana de honra D.^ª Elvira Varela Bao, organizada pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña.

11 de abril de 2013. Inauguración do VI Encontro Cidade da Coruña, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) baixo o título “Os territorios da invisibilidade”, coa conferencia de Pilar García Negro: “Rosalía de Castro: a orixinalidade do seu cantar”.

17 de abril de 2013. Conferencia de Alberte Lago Vilaverde, titulada “Raíces celtas da Galiza”, dentro do ciclo “Economía, Historia e Ciencias Sociais” organizado pola Agrupación Cultural O Facho.

18 de abril de 2013. Conferencia de Aurora Marco titulada “Elas, as invisíbeis. Silencios e voces das represaliadas”, no marco do VI Encontro Cidade da Coruña da AELG “Os territorios da invisibilidade”.

23 de abril de 2013. Conferencia de Manuel Bermejo titulada “Emilia Pardo Bazán e Antonio Casares”, organizada pola Agrupación Cultural O Facho dentro do ciclo “O saber científico na Galiza”.

25 de abril de 2013. Conferencia de Antón Riveiro Coello: “As voces ausentes. Literatura restitutoria”, no marco do VI Encontro Cidade da Coruña da AELG “Os territorios da invisibilidade”.

3 de maio de 2013. Clausura do VI Encontro Cidade da Coruña da AELG “Os territorios da invisibilidade”, coa conferencia de Lidia Jorge: “Quem guardará os libros”.

7 de maio de 2013. Conferencia de Antón Dobao titulada “Roberto Vidal Bolaño” e organizada pola Agrupación Cultural O Facho.

15 de maio de 2013. Presentación de *Roberto Vidal Bolaño. Acoutacións e diálogos. Antoloxía*, edición de Camilo Franco, conmemorativa do Día das Letras Galegas de 2013 publicada por La Voz de Galicia.

15 de maio de 2013. Inauguración da exposición *No principio foi o verso: Rosalía de Castro*, conmemorativa do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. A mostra, organizada pola Fundación Rosalía de Castro, a Real Academia Galega e a Universidade de Vigo, e comisariada por Xosé Barro, estivo aberta até o 15 de agosto na sede da Fundación Barrié de Vigo.

24 de maio de 2013. Presentación do libro *Amada liberdade* de Fernando Pérez-Barreiro Nolla. No acto participaron: Teresa Barro, viúva de Fernando Pérez-Barreiro Nolla; Manuel Bragado, director xeral de Edicións Xerais de Galicia e Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega.

10 de xuño de 2013. A Asociación cultural Xermolos presentou na Academia os actos conmemorativos do centenario do nacemento de Xosé María Díaz Castro. Asistiron o Presidente e a Arquiteira-Bibliotecaria.

13 de xuño de 2013. Presentación do *Portal das Palabras*, espazo dixital desenvolvido conxuntamente pola Academia e a Fundación Barrié. O acto de presentación contou coa presenza dos presidentes da Academia e da Fundación Barrié, Xesús Alonso Montero e José María Arias Mosquera; do secretario da Academia, Henrique Monteagudo Romero; do director da Fundación Barrié, Javier López Martínez e dos membros numerarios Rosario Álvarez Blanco e Xesús Ferro Ruibal.

25 de xuño de 2013. Shozo Nakanishi visitou a Academia acompañado de Luz Pozo Garza. Tradutor de *A mi madre* e dunha ducia de poemas de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, foi recibido por Xesús Alonso Montero, Margarita Ledo e Andrés Torres Queiruga.

23 de xullo de 2013. O Secretario recibiu na Academia un grupo de trinta e dous ensinantes sardos provenientes da Universidade de Casteddu (Cagliari). Viñan acompañados do profesor Diegu Corraíne e do académico numerario Francisco Fernández Rei, encargado de deseñar o programa de actividades, que tiña como obxectivo dar a coñecer a situación sociolingüística de Galicia –con especial atención aos organismos oficiais e non oficiais relacionados coa defensa e promoción da lingua galega.

18 de setembro de 2013. Presentación de *Estudos de toponimia galega* (vol. I e II) de Nicandro Ares Vázquez. Na presentación interviñeron: Antón Santamarina Fernández, Ramón Lorenzo Vázquez e Xesús Alonso Montero. O acto tivo lugar na sede da Real Academia Galega.

20 de setembro de 2013. Visita dos alumnos brasileiros do Curso de Lingua e Cultura Galega “O Camiño de Santiago”, promovido pola Universidade de Santiago de Compostela. As profesoras Lanzada Calatayud e Dolores Vilavedra guiaron a visita.

1 de outubro de 2013. Presentación dunha nova edición do discurso de ingreso de Vicente Risco na Real Academia Galega, *Un caso de lycantropía (o home lobo)*, da man da Fundación Risco. No acto, que tivo lugar na Real Academia Galega, interviñeron Xesús Alonso Montero, Luís Martínez-Risco Daviña, vicepresidente segundo e Arturo Lezcano Fernández, vicepresidente primeiro da Fundación Risco respectivamente.

8 de outubro de 2013. Visita de dezaseis estudantes do Instituto Argentino-Galego Santiago Apóstol, acompañados por Bibiana Laura Rodríguez e Fernando Daniel Naval.

8 de outubro de 2013. Conferencia de Alfredo Erias Martínez, “O Home Verde”, dentro do ciclo “Economía, Historia e Ciencias Sociais”, organizado pola Agrupación Cultural O Facho.

17 de outubro de 2013. Sesión de clausura do “I Simposio Internacional Relex: Lexicografía románica. Estado da cuestión”, organizado pola Rede de Lexicografía RELEX e coordinado por Dolores Sánchez Palomino.

22 de outubro de 2013. Conferencia de Xavier Vence, “A República galega”, dentro do ciclo “Economía, Historia e Ciencias Sociais”, organizado pola Agrupación Cultural O Facho.

28 de outubro de 2013. O xurado dos Premios da Cultura Galega 2013 determinou conceder o Premio das Letras á académica de número Luz Pozo Garza. Tamén foi galardoada, na categoría de Lingua, a Asociación PuntoGal, presidida polo académico Manuel González González.

7 de novembro de 2013. Visita de Gilvan Müller de Oliveira á Real Academia Galega onde foi recibido polo Presidente e o Secretario. O director do Instituto Internacional da Lingua Portuguesa visitou a Academia co fin de afondar no coñecemento mutuo entre as dúas institucións e de explorar futuras fórmulas de cooperación.

19 de novembro de 2013. Sinatura dun convenio entre a Academia e a Universidade de Santiago de Compostela que prevé a publicación –en formato dixital e acceso gratuíto– do primeiro libro escrito por Emilia Pardo Bazán, *Apuntes de un viaxe. De España a Ginebra (1873)*. No acto de sinatura participaron o presidente da Academia, Xesús Alonso Montero, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan José Casares Long, o profesor González Herrán, editor do texto, e o académico Xosé Ramón Barreiro Fernández.

19 de novembro de 2013. Conferencia de Mauricio Castro López, dentro do ciclo “Economía, Historia e Ciencias Sociais”, organizado pola Agrupación Cultural O Facho.

3 de decembro de 2013. Conferencia de Manuel Fernández Branco, “Identidade feminina e feminicidio na actualidade”, organizada pola Agrupación Cultural O Facho, dentro do ciclo “Economía, Historia, e Realidade Social”.

2 de decembro de 2013. Inauguración da exposición *51 páxinas das nosas Letras* na sede do Parlamento de Galicia. No acto estiveron presentes o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, a presidenta do Parlamento, Pilar Rojo e Siro López, autor dos 51 paneis expostos.

4 de decembro de 2013. Presentación de *Domingo García-Sabell e a fenomenoloxía*, de Ramón López Vázquez. No acto participaron: Ramón López, Teresa García-Sabell, Xosé Luís Franco Grande, Andrés Torres Queiruga e Xesús Alonso Montero.



Presentación da obra *Saiban cantos estas cartas viren*, na Fundación Sales.
Vigo, 19 de febreiro de 2013. Real Academia Galega. Arquivo.



O 28 de febreiro presentouse na sede da Academia o *Diccionario de alimentación e restauración*.
Real Academia Galega. Arquivo / Xosé Castro.



Shozo Nakanishi e a académica de número Luz Pozo Garza. Real Academia Galega. Arquivo.



A delegación brasileira “O camiño de Santiago” no salón de actos da Academia, acompañada do presidente, Xesús Alonso Montero. Real Academia Galega. Arquivo.

SECCIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

I. SECCIÓN DE LINGUA

Componse dos seguintes seminarios:

1. Seminario de Lexicografía

Creado en 1983

Coordinador: Antón Santamarina Fernández.

Está integrado polos seguintes membros numerarios:

Xosé Luís Axeitos Agrelo

Darío Xohán Cabana Yanes

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Francisco Fernández Rei

Manuel González González

Ramón Lorenzo Vázquez

Xosé Luís Méndez Ferrín

Antón Santamarina Fernández

Andrés Torres Queiruga.

O Seminario de Lexicografía encárgase da elaboración dos distintos dicionarios, da coorganización dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia.

Os traballos desenvoltos durante o ano 2013 no eido lexicográfico foron os seguintes:

1. Traballouse na actualización do *Dicionario da Real Academia Galega*, preparouse un conxunto abundante de correccións, que foron cargadas na aplicación informática que sostén o texto do *Dicionario* na actualidade. A partir dese momento continuáronse os traballos de revisión e actualización da obra.
2. Iniciáronse, dentro do Seminario de Lexicografía, os traballos para a migración á base de datos do *Dicionario castelán-galego* da Real Academia Galega, coa idea de poder colgalo en liña nun futuro inmediato, e para facilitar a coherencia na redacción da continuación da obra no sentido inverso (galego-castelán).

Número 35 de *Cadernos de Lingua*

Publicouse o número 35 da revista *Cadernos de lingua*, co seguinte contido:

Artigos:

Matthew-Wellings: “Un estudo da paisaxe lingüística en Santiago de Compostela”.

Takeshi Kakihara “O uso lingüístico no ámbito comercial reflectido na paisaxe lingüística no centro de Santiago de Compostela”.

Víctor Fresco Barbeito: “Díme como rematas e direiche onde te acentúo”.

Raquel Vila Amado: “Edición crítica de dous documentos de 1418 asinados por Gómez García, notario de Santiago”.

Recensións:

O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura), X. H. Costas González (F. Fernández Rei).

2. Seminario de Sociolingüística

O Seminario de sociolingüística vén funcionando desde o ano 1990.

Coordenador: Francisco Fernández Rei (até xuño de 2013), Henrique Monteagudo (xuño de 2013 en diante).

Está composto polos seguintes membros numerarios e correspondentes:

Xesús Alonso Montero

Víctor Fernández Freixanes

Francisco Fernández Rei

Manuel González González

Margarita Ledo Andión

Xosé Henrique Monteagudo Romero

Alba Nogueira López

Fernando Fernández Ramallo

Modesto A. Rodríguez Neira

Goretti Sanmartín Rei

Xosé Henrique Costas González

Ao longo do ano 2013 seguíronse tres liñas de investigación diferentes:

1. Actitudes lingüísticas e modelos predictivos do comportamento. Nestes momentos estanse a revisar os novos avances realizados neste campo co obxectivo de poder crear un cuestionario de actitudes implícitas (ex.: utilizando

Cuestionario Test de Apercepción Temática) e outro de actitudes explícitas seguindo o modelo de Azjen (1991), no que se inclúan constructos non abordados ata o momento como a “saliencia” ou a “suceptibilidade ao cambio das actitudes ao largo do ciclo vital”. Hipotetizamos que incorporando estes novos avances do campo actitudinal xeral ás actitudes lingüísticas poderíamos explicar, a incongruencia entre actitudes e conduta lingüística e a falta de poder predictivo deste constructo sobre o comportamento.

2. Cambio de lingua habitual. O Seminario está comezando a afondar no estudo do cambio de lingua habitual utilizando as bases de datos do MSG-92, MSG-04, IGE-03 e IGE-08. Este ano fíxose un estudo inicial dos datos de “cambio de lingua habitual” centrándose nos resultados do IGE-03 e IGE-08. Por outra banda, tamén se están recollendo as investigacións realizadas por outras autoras sobre “neofalantes”, para incorporalas á investigación en curso.
3. Competencias lingüísticas. O Seminario anda na procura dun modelo predictivo de competencias lingüísticas en galego e castelán para o alumando do final do ensino obrigatorio. Neste ano presenta os seus primeiros resultados para as competencias bilingües de gramática e léxico. Esta liña de actuación ampliarase nun futuro próximo para incluír as variables de expresión oral e escrita.

3. Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega (TERMIGAL)

Creado en 1996

Coordinador: Manuel González González

Está integrado polos seguintes académicos de número:

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Francisco Fernández Rei

Xesús Ferro Ruibal

Manuel González González

Durante o ano 2013 leváronse a cabo as seguintes actividades dentro do Servizo e Seminario de Terminoloxía:

- Publicación do *Diccionario de alimentación e restauración galego-castelán-inglés*, elaborado no Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica Galega. Esta obra foi presentada oficialmente nos locais da Asociación de Hostele-

ría de Compostela e posteriormente, por pedimento de varios colectivos do ámbito da hostalería, volveuse presentar na sede da Real Academia Galega na Coruña.

- Enviouse tamén a parte galega do *Vocabulario dos sistemas de transporte intelixentes*, coordinado desde o Quebec por Xavier Darras, do *Office québécois de la langue française*.
- Estase traballando na elaboración dun *Dicionario galego de Márketing*, tomando como partida a base de datos sobre este ámbito de especialidade existente no propio TERMIGAL, que se está depurando tanto no referido ás denominacións como no aspecto nocional, completando e actualizando con novos termos.
- Continúase a colaboración coa empresa Logrus para a actualizar e manter a terminoloxía informática en galego nas aplicacións de Microsoft.
- Colaborouse no proxecto de elaboración do *Compendio Xurídico Galego*, e fixémonos cargo da etiquetación da práctica totalidade dos documentos (leis, decretos...), que se espera poder poñer en liña e abrir para o uso público proximamente.
- Atendeuse permanentemente o servizo de consultas tanto por vía telefónica como a través do correo electrónico para lograr unha corrección mínima na utilización terminolóxica dos usuarios de linguas de especialidade (profesores de todos os niveis educativos, investigadores, tradutores, mediadores culturais, traballadores das administracións públicas, etc.). A información obtida no proceso de investigación necesario para a resolución das consultas incorpórase a unha base de datos de consultas, que se pretende poñer tamén a disposición do público nun futuro próximo.
- A Comisión de validación de Termigal, integrada unicamente por académicos numerarios, validou algo máis de cen termos do ámbito da informática e de Internet.

4. Seminario de Gramática

Creado no ano 2000

Coordinadora: Rosario Álvarez Blanco

Membros do equipo:

Rosario Álvarez Blanco

Xosé Luís Regueira Fernández

Xosé Xove Ferreiro

Francisco A. Cidrás Escáneo
 Ernesto X. González Seoane
 Xulio C. Sousa Fernández
 Luz Varela Armas

Durante o ano 2013 continuaron os traballos de redacción da gramática institucional, ao abeiro dun convenio trienal asinado entre a USC (a través do ILG) e a RAG (2011-2013). Na xuntanza do seminario celebrada o día 5 de novembro, a coordinadora do Seminario e directora do proxecto deu conta do estado dos traballos e da previsión do equipo redactor de entregar o primeiro texto completo en 2014; por iso, o Seminario trasladou á Comisión Executiva a petición de que o período de actividade do convenio se prolongase durante o 2014, sen custos.

O proxecto ConVerSO (Construcións verbais e sintaxe da oración), que se vén realizando desde hai anos por colaboración entre o Seminario de Gramática da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/es/proxectos>), apenas tivo actividade durante o ano 2013; en todo caso, durante este ano os traballos recaeron en exclusiva en Xosé Xove, académico correspondente e membro do Seminario, que actúa como IP deste proxecto en colaboración con Rosario Álvarez. A causa do cesamento está tanto na dedicación preferente á redacción da gramática dos seus IP coma no feito de que o Seminario de Gramática deixase de contar co contrato previsto no mencionado convenio RAG/USC. Desde maio de 2012, en que se produciu o cesamento a petición propia da única traballadora, o Seminario deixou de contar con persoal contratado da RAG. Os membros do Seminario, na reunión de 5 de novembro de 2013, acordaron continuar os traballos despois da entrega do texto da gramática institucional.

Durante o ano 2013, o Seminario atendeu e respondeu por escrito as peticións de informes remitidas á Real Academia Galega acerca da corrección lingüística de determinadas construcións, do seu significado ou da súa adecuación. Dáse a circunstancia de que o coordinador do Consultorio da RAG (Xosé Luís Regueira), creado recentemente, é membro do Seminario de Gramática, polo que esta liña de actividade cooperativa se verá previsiblemente reforzada nos próximos meses.

En outubro de 2013 recibíuse do Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia a proposta dunha actividade tendente á formación continua e asesoramento científico dos lingüistas que prestan servizos no ámbito do Parlamento e da Xunta de Galicia. Para tal fin asinou un “Protocolo de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para a realización de actuacións en materia de promoción da calidade da lingua das institucións autonómicas”.

Ao seu abeiro, realizouse o primeiro seminario, organizado en tres sesións matutinas, nos días 9, 10 e 11 de decembro, na sede no Parlamento de Galicia. É vontade das dúas partes que a actividade teña continuidade periódica durante o ano 2014.

5. Seminario de Onomástica

Creado en 2001

Coordinador: D. Ramón Lorenzo Vázquez

Está composto polos seguintes membros numerarios e correspondentes:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Luís Méndez Ferrín
Antón Santamarina Fernández
Ana I. Boullón Agrelo
Xosé María Lema Suárez
Luz Méndez Fernández
Gonzalo Navaza Blanco
Xosé Antón Palacio Sánchez

Axudante técnico: Vicente Feijoo Ares.

Durante o ano 2013 leváronse a cabo as seguintes actividades dentro do Seminario de Onomástica:

- Traballos de revisión, corrección e actualización do *Nomenclátor* de entidades de poboación de Galicia.

No mes de abril de 2013 comezouse a empregar unha ferramenta informática deseñada pola AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), que permite o traballo en liña e colaborativo de todos os membros da comisión, e axiliza substancialmente os tempos de resolución. O procedemento de traballo a través desta aplicación é o seguinte:

O técnico que administra esta aplicación, tras contrastar un por un os nomes das entidades de poboación de cada concello con distintas bases de datos, cartográficas etc., sinala os topónimos con problemas lingüísticos (falta de artigo, vacilacións no vocalismo átono, falta de tiles, problemas gráficos etc) e/ou xeográfico-administrativos (lugares que faltan por incluír no NG, lugares que están na parroquia trabucada etc).

Os membros da comisión poden acceder ás fichas de visión dos nomes que cómpre estudar. A través desas fichas achegan documentación histórica (documentación latina medieval, galega medieval, documentación dos sécu-

los XVI-XVII, Catastro de Ensenada, Madoz, ademais de dicionarios coma o DuCange ou os estudos onomásticos de Piel-Kremer, Moralejo, Bascuas, Nicandro Ares etc), e comentarios e propostas de ditame accesible para todos os membros. Na mesma ficha está vencellada a documentación do PTG (lingüística e cartográfica) e información oral obtida nos traballos de campo.

Unha vez analizadas as propostas e de existir unanimidade nas conclusións, o técnico introduce un *ditame virtual*. En caso contrario, a resolución adíase até a seguinte reunión presencial. Estas xuntanzas adoitan celebrarse cunha periodicidade quincenal ou mensual.

Durante o ano 2013 rematouse a revisión dos concellos da provincia da Coruña, concretamente foron 34 municipios, e traballouse en 60 concellos da provincia de Lugo.

Dos 13.595 nomes de entidades de poboación que rexistra o *Nomenclátor* de Galicia na provincia da Coruña, 5.603 foron revisados e contrastados neste ano 2013. Nestes, atopáronse 398 topónimos con problemas lingüísticos, que foron os que estudou e ditaminou a Comisión de Onomástica, e arredor de 2.000 con problemas xeográfico-administrativos.

A partir do mes de xuño comezouse cos concellos da provincia de Lugo. Dos 11.775 nomes de lugares que figuran no NG nesta provincia traballáronse 9.647, chegando a ser estudados pola Comisión un total de 657 topónimos nos que se detectou algún problema lingüístico. No proceso de revisión tamén se codificaron os problemas xeográfico-administrativos, que acadaron un total de 2.430 nos 60 concellos revisados.

En definitiva, a Comisión de Onomástica traballou e ditaminou ao longo de 2013 un total de 1.055 topónimos con problemas lingüísticos.

Outras actuacións dentro deste proxecto:

- Melloras na aplicación informática de Revisión do *Nomenclátor* coa que traballa na actualidade o Seminario de Onomástica da RAG.
- Actualización da web de consulta do *Nomenclátor* de Galicia (<http://www.xunta.es/nomenclator>).
- Actualización da web do Proxecto Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.es) e creación dun novo “buscador de topónimos”.
- Redacción das especificacións técnicas para a creación dunha complexa aplicación colaborativa en liña que permita a recolleita, xeorreferenciación e difusión da microtoponimia galega.
- Asesoramento e formación a persoas ou colectivos (asociacións culturais e centros de ensino, basicamente) que, de forma altruísta,

están interesados en traballar a prol de salvagardar o gran tesouro que reside na microtoponimia dos seus lugares de orixe.

- Elaboración de informes onomásticos a pedimento de particulares ou institucións.
- Informe sobre a listaxe dos dous mil apelidos máis frecuentes.

6. Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia

Colaboración: Universidade de Santiago de Compostela
XXV Edición. Santiago de Compostela, do 2 ao 27 xullo de 2012
Creados en 1993
Director: D. Manuel González González

Na XXVI edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros e para españois de fóra de Galicia, participaron 73 alumnos e alumnas procedentes de 26 estados diferentes de Europa, América e Asia: Alemaña, Armenia, Arxentina, Austria, Brasil, Cuba, España, Estonia, EUA, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irán, Irlanda, Italia, Kazakhstan, México, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Rusia, Suíza, e Ucraína.

Nesta convocatoria presentáranse 136 solicitudes de matrícula, das que 129 solicitaban tamén axuda económica. Adxudicáronse nun primeiro momento 48 bolsas consonte os criterios seguintes:

- Representatividade dos distintos Centros de Estudos Galegos
- Representatividade territorial
- Calidade de antigo/a alumno/a con boa cualificación
- Interese amosado na lingua
- Representatividade en función dos niveis solicitados

Dada a drástica redución do importe e o número de bolsas, a organización tratou de facilitarlles a participación a outras persoas coa concesión de matrículas gratuítas. Estaban neste caso algúns antigos alumnos que obtiveran un bo resultado en edicións anteriores, persoas procedentes do grupo de galego do Centro de Linguas Modernas da USC e outras recomendadas polo CEG correspondente.

O xoves 4 de xullo, data de chegada do alumnado, na secretaría dos cursos, Ana García García (secretaria dos cursos) foi recibindo a cada un dos alumnos e alumnas para lles entregar a programación dos cursos e o material.

Ás 16:00 horas realizáronse na aula 8 da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela (USC) as probas para coñecer o nivel do

alumnado, especialmente para quen non participara nunca nos cursos. Á última hora procedeuse á distribución dos grupos que, despois dalgún reaxuste na primeira semana das clases, quedaron do seguinte xeito:

- a) Elemental 1 (13 estudantes)
- b) Elemental 2 (10 estudantes)
- c) Medio A (10 estudantes)
- d) Medio B (19 estudantes)
- e) Curso superior de Filoloxía Galega (20 estudantes)

O venres 5 de xullo, no Salón de actos da Facultade de Filosofía da USC, celebrouse o acto de inauguración, no que interviñeron o director dos Cursos Manuel González González, o director do Instituto da Lingua Galega Ernesto González Seoane, o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia Valentín García Gómez, o presidente da Real Academia Galega Xesús Alonso Montero e o vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización da USC Víctor Millet Schröder, que presidiu o acto.

As actividades académicas con carácter obrigatorio comezaron o venres 5 de xullo e remataron o día 24.

Profesorado

Niveis elemental e medio

Elemental 1: Carolina Pérez Capelo (ILG)

Elemental 2: Noemi Basanta Llanes (ILG)

Medio A: Ana Fachal Fraguela (RAG)

Medio B: M.^a do Carme Pazos Balado (RAG)

Curso superior de Filoloxía Galega

Impartíronse catro seminarios coa seguinte temática e profesorado:

1^o *Temas de lingüística galega* (5, 8 e 9 de xullo): Xosé Luís Regueira Fernández.

2^o *Variación e cambio lingüístico no galego actual* (10, 11 e 12 de xullo): Rosario Álvarez Blanco.

3^o *Formación e historia social da lingua galega* (15, 16, 17 e 18 de xullo): Carme Hermida Gulías.

4^o *Leccións de literatura galega contemporánea* (19, 22, 23 e 24 de xullo): Xosé Manuel Salgado Rodríguez, Xesús Alonso Montero.

Conferencias

O programa das conferencias (10) foi o seguinte:

- Xosé Ramón Barreiro Fernández (luns, 8 de xullo): “Introdución á Historia Contemporánea de Galicia”. Presentouno Ana Fachal.

- Rosario Álvarez Blanco (mércores, 10 de xullo): “De Ortegala a Faro: panorámica xeolingüística da fachada atlántica da península ibérica”. Presentouna Carolina Pérez Capelo.
- Alba Nogueira López (venres, 12 de xullo): “A protección xurídica das linguas nun mundo globalizado”. Presentouna Ana García.
- Manuel González González (luns, 15 de xullo): “A lingua galega na encrucillada”. Presentouno Carme Pazos.
- María Xosé Silvar Fernández (mércores, 17 de xullo): “Músicas tradicionais: cultura musical e identidade”. Presentouna Ana García.
- Marcial Gondar Portasany (venres, 19 de xullo): “O pasado como horizonte: cultura galega e cambio social”. Presentouno Carme Pazos.
- Xesús Alonso Montero (martes, 24 de xullo): “No bicentenario do romance *Rogos dun escolar gallego á Virxe do Bo acerto pra que libre á terra da Inquisición* (A Coruña, 1813) e o seu autor Manuel Pardo de Andrade (1762-1832)”. Presentouno Manuel González.

Proxeccións audiovisuais

Fixéronse as proxeccións que a seguir se detallan:

- Filme de animación *O Apóstolo*, martes 9 de xullo. Presentou e dirixiu o coloquio Noemi Basanta.
- Documentais *Historias de Galicia* [cap. “Lingua de reis, lingua do pobo”] e *A memoria da lingua*, xoves 11 de xullo. Presentou e dirixiu o coloquio Ana Fachal.
- Filme *Doentes*, martes 16 de xullo. Presentou e dirixiu o coloquio Carolina Pérez.
- Filme *Vilamor*, xoves 18 de xullo. Presentou e dirixiu o coloquio Carme Pazos.
- Curtametraxes *Dúas letras*, *A residencia*, *A teoría do espello*, *Bechos raros* e *A xaguarana*, luns 23 de xullo. Presentou e dirixiu o coloquio Ana García.

Xornada completa de inmersión lingüística e cultural

Nesta ocasión realizouse unha soa viaxe deste tipo:

Noia, Baroña, Axeitos, Coroso e Rianxo (13 de xullo).

O grupo de 55 estudantes saíu en autobús da Igrexa do Pilar de Santiago de Compostela ás 8:30 horas e regresou ao mesmo punto ás 20:00 horas. Acompañaron o alumnado durante toda a xornada o director dos Cursos Manuel González, a secretaria dos Cursos Ana García, a profesora Carolina Pérez Capelo e outros colaboradores do ILG.

De mañá fíxose a visita a Noia e Baroña, guiados por Ramón Blanco, e ao dolmen de Axeitos, coa guía correspondente. Xantou cadaquén a comida que levou a carón da praia de Coroso. A partir das 17:30 horas visitouse a vila de Rianxo, guiados por Xosé Luís Axeitos, quen tamén guiou o alumnado na casa-museo de Manuel Antonio.

Actividades complementarias

- Visita guiada pola zona monumental de Santiago de Compostela (4 de xullo).
A visita guiouna o profesor Francisco Fernández Rei.
- Visita ao Museo do Pobo Galego e ao Panteón de Galegos Ilustres (16 de xullo).
Guiouna tamén o membro do Padroado do Museo do Pobo Galego Francisco Fernández Rei.
- Visita á Cidade da Cultura de Galicia (17 de xullo).
Paseo a pé desde a praza da Universidade e pola rúa Castrón de Ouro e rúa do Sar ata o Monte Gaiás, para ás 18:30 horas facer unha visita guiada á Cidade da Cultura de Galicia. As profesoras Noemi Basanta e Ana Fachal acompañaron o alumnado ata o Gaiás e na visita á Cidade, onde se contou con guía oficial.
- Visita á Casa de Rosalía (15 de xullo).
Un grupo importante de estudantes de todos os niveis visitaron a Casa da Matanza en Padrón e ás 20:00 horas asistiron ao acto da *Commemoración do 128º Aniversario do Pasamento de Rosalía de Castro*, organizado pola Fundación Rosalía de Castro. Non se programou a asistencia a este acto na Casa da Matanza como actividade dos cursos, mais a organización informou e motivou o alumnado para participar.
- Recitais poéticos na Casa das Crechas (9 e 10 de xullo).
Por iniciativa de membros da organización e do que fora profesor dos cursos noutras edicións, Gonzalo Hermo, tiveron lugar dous recitais poéticos no famoso pub compostelán. Participaron voluntaria e desinteresadamente 17 poetas de recoñecido prestixio.
Creouse un blog (cursodegalego.blogaliza.org) con datos sobre os autores e as autoras e textos para que o alumnado se poida achegar con detalle ao perfil de cada un deles.
- Achegamento á música tradicional (22 de xullo).
A profesora do nivel elemental 2, Noemi Basanta, e Roberto Rodríguez Páramo fixeron unha demostración de pezas de música tradicional acompañada dunha detallada explicación sobre a materia. A seguir, o alumnado participou activamente nun obradoiro de baile conducido polo profesor Marcos

García Botana. Na organización do obradoiro participou moi activamente a que tamén fora profesora noutras edicións, Sandra Vázquez Núñez, que fixo ademais nesta ocasión a presentación das dúas partes, a de música

– Encontro de confraternización (19 de xullo).

O venres 19 de xullo, das 14:30 ás 19:00 horas, celebrouse o tradicional Encontro de confraternización do alumnado, do profesorado e dos organizadores dos cursos cun xantar. Fíxose, un ano máis, ao aire libre, á beira do río Ulla, no souto do Xirimbao.

Logo do campestre xantar, celebrouse unha nova edición do xa tradicional festival de Mundovisión, no que se puido gozar de cantos e dalgún baile de practicamente todos os estados que tiñan participantes nos cursos e tamén das diferentes zonas de España con cantares nas súas linguas propias.

Clausura dos cursos

O acto de clausura tivo lugar o mércores 24 de xullo no Salón de Actos da Facultade de Filosofía da USC, ás 12:00 horas. Interviñeron o director dos cursos, Manuel González González, o director do Instituto da Lingua Galega Ernesto González Seoane, o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia Valentín García Gómez e o presidente da Real Academia Galega Xesús Alonso Montero, que presidiu o acto.

Antes de o presidente clausurar os cursos, as profesoras e a secretaria foron chamando a cada un dos estudantes para os membros da mesa lles entregaren o diploma de asistencia e o certificado de aproveitamento.

II. SECCIÓN DE HISTORIA

Creada en 1998

Director: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández

Constituíuse a nova Sección de Historia o 12 de abril de 2011, que está dirixida polo académico numerario D. Xosé Ramón Barreiro Fernández, e que conta cos seguintes membros:

Rosario Álvarez Blanco
Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Andrés Fernández-Albalat Lois
Víctor Fernández Freixanes
Manuel Rivas Barrós
Ramón Villares Paz

O 23 de marzo de 2013 a Real Academia Galega celebrou un pleno extraordinario en Vigo en homenaxe a quen fora o seu presidente, Francisco Fernández del Riego, no centenario do seu nacemento. No acto interviñeron a patroa da Fundación Penzol, María Dolores Villanueva Gesteira, o presidente da mesma Fundación, Alfonso Zulueta, o alcalde de Vigo, Abel Caballero, e os académicos Ramón Lorenzo Fernández, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Xesús Alonso Montero e o presidente en funcións da Academia, Xosé Luís Axeitos Agrelo. Para finalizar o acto, a escritora Rexina Vega recitou un poema da académica Luz Pozo Garza.

No mes de xuño, inaugurouse a biblioteca virtual *Monografías do século XIX* accesible a partir da páxina web da Academia: http://academia.gal/biblioteca-virtual-monografias/#inicio.do?current_page=7. Este repositorio reúne copias dixitais de preto de oitocentas obras e máis de cento vinte mil páxinas dispoñibles en liña. Os criterios de selección dos novos contidos incorporados foron —ademais da súa data de edición, o século XIX— a referencia a Galicia pola autoría, temática ou lugar de edición. Con esta colección a Real Academia Galega ofrece ao público interesado un dos meirandes fondos dixitais, de acceso libre e gratuíto, sobre un período clave da historia e da cultura galega contemporánea.

Con motivo do bicentenario da publicación dos *Rogos dun gallego*, a Academia, en colaboración co Concello de Oleiros, organizou unhas xornadas de homenaxe á figura de Manuel Pardo de Andrade. Acordouse tamén preparar a publicación dun libro que recollese os textos destas conferencias e axuntase un exemplar facsímile dos *Rogos dun galego contra a Inquisición*, a partir do orixinal custodiado no Arquivo da Academia.

A sección prestou a súa colaboración a distintas entidades que solicitaron informes da súa competencia á RAG.

Está pendente de aprobación a constitución, dentro da Sección, dun grupo de traballo especializado no estudo do arquivo musical da Academia.

III. SECCIÓN DE LITERATURA

Creada en 1998

Director: D. Xesús Alonso Montero

Financiamento: Real Academia Galega

O 19 de abril de 2011 constituíuse a nova Sección de Literatura, que está dirixida polo académico numerario D. Xesús Alonso Montero, e que conta cos seguintes membros:

Xosé Luís Axeitos Agrelo
Darío Xohán Cabana Yanes
Salvador García-Bodaño Zunzunegui
Euloxio Rodríguez Ruibal
Manuel Rivas Barrós

Traballos desenvoltos:

Commemoración do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*.

No ano 2013 cumpriuse o 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* por Rosalía de Castro. Para conmemorar esta efeméride, a Real Academia Galega, a Fundación Rosalía, e a Universidade de Vigo organizaron distintas actividades (exposicións, ciclos de conferencias, publicacións, eventos a pé de rúa, etc.) a realizar en toda Galicia, e coa pretensión de que teñan réplica en varios lugares do mundo. Os actos agrupáronse baixo o título “Rosalía 2013”.

A primeira parada de “Rosalía 2013” tivo lugar o 24 de febreiro, data de nacemento de Rosalía. Nese día realizouse, ás 10 da mañá, unha ofrenda floral ao pé do monumento que lembra onde naceu a escritora (Praza de Vigo, Santiago de Compostela). A continuación, na Casa de Rosalía en Padrón, personalidades culturais, sociais e políticas de toda Galicia interviñeron e recitaron na honra da escritora. Para esa data estaban convocados tamén todos os gaiteiros e gaiterías de Galicia, a través da súa Asociación. A convocatoria pedíalles que na mañá do 24 saísen á rúa a tocar a Alborada de Rosalía e, posteriormente, ler un manifesto. Tras gravar o acto debían subilo ás redes e xeolocalizalo.

O 15 de maio inaugurouse en Vigo a exposición *No principio foi o verso. Rosalía de Castro*. A mostra, situada na sede da Fundación Barrié entre o 15 de maio e o 15 de setembro, conmemoraba o 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos* na imprenta de Juan Compañel na rúa Real de Vigo. Nesta exposición, comisariada polo deseñador e investigador Xosé Barro, explicábase o contexto da súa publicación, os círculos democráticos e progresistas de Vigo arredor do xornal *La Oliva* e os protagonistas do feito: Juan Compañel (editor), os irmáns Alejandro e Eduardo Chao (ideólogos e políticos), José Ramón Fernández (mecenas), Manuel Murguía (o líder intelectual) e Rosalía de Castro (a autora excepcional).

ALBORADA PARA ROSALÍA DE CASTRO

Manifesto

Vaite noite...

Vai fuxindo...

Grande atrevemento é sen dúbida que todos os gaiteiros de Galicia saiamos ás encrucilladas, ás prazas, ás rúas, neste 24 de febreiro de 2013. Grande atrevemento é dar unha alborada para dicir a todos que naceu Rosalía de Castro. Pero somos atrevidos. Porque aquel 24 de febreiro de 1837 canda ela nacemos todos os galegos, mesmo os que aínda han de nacer. Atrevémonos porque hai cento cincuenta anos Rosalía publica *Cantares gallegos* e anuncia e constrúe a Galicia contemporánea. No principio foi o verso, co seu canto nace o país que somos. Puxo o maior coidado en reproducir o espírito do noso pobo, velaí o mesmo espírito que aniña nos punteiros todos das gaitas. Somos atrevidos, queremos mil, cen mil gaiteiros máis para Galicia, e guiados por aqueles Cantares queremos tocar unha alborada de gloria. Que todos saiban que hoxe a gaita galega non chora, que canta.

Vente aurora...

Vente abrindo...

Por iniciativa de:
Asociación de Gaiteiros Galegos
Fundación Rosalía de Castro
Real Academia Galega
Universidade de Vigo

BIBLIOTECA E HEMEROTECA

Creadas en 1905.

Director/a: D. Euloxio Rodríguez Ruibal (23 de xaneiro de 2010 – 20 de abril de 2013); D.^a Margarita Ledo Andión (do 20 de abril de 2013 en diante).

Durante o ano 2013 leváronse a cabo as seguintes tarefas:

1. Rexistro dos fondos bibliográficos e hemerográficos que foron chegando paulatinamente ao longo do ano.
2. Xestión das compras de material bibliográfico.
3. Xestión dos intercambios de publicacións da RAG con outras institucións.

4. Revisión dos fondos da biblioteca da Asociación Cultural O Facho co obxecto de separar aqueles materiais repetidos con destino ao almacén, dos restantes que pasan a formar parte da biblioteca da RAG.
 5. Introducción no catálogo de 650 obras (monografías e publicacións periódicas).
 6. Xestión do correo electrónico. Envío de correos electrónicos relativos a agradecementos polo envío de publicacións, pedimento de obras, resposta a consultas relativas aos fondos, información xeral sobre a biblioteca e hemeroteca, cuestións técnicas diversas, envío de reproducións aos usuarios, etc.
 7. Redacción de diversos informes relativos a cuestións relacionadas coa biblioteca e a hemeroteca da RAG.
 8. Atención de consultas e solicitudes de reprodución.
 - 8.1 Atención a usuarios externos da institución (consultas telefónicas, correo electrónico e na propia sala de lectura):
 - a. Información bibliográfica.
 - b. Consulta e reprodución de fondos segundo a normativa.
- Este ano leváronse a cabo 414 consultas de obras individuais, ademais da consulta de dúas bibliotecas particulares no seu conxunto: a de José Fontenla Leal e a de Marcial del Adalid. Tamén se levaron a cabo 137 pedimentos de reprodución, na súa maioría en formato dixital.
- 8.2 Atención a usuarios internos de todos os departamentos da institución.
9. Difusión dos fondos.
 - 9.1 A través da páxina web da Real Academia Galega.
 - a. Incorporación de 16 novas cabeceiras á Hemeroteca virtual (<http://academia.gal/hemeroteca-virtual>):
 - *O Vello do Pico-Sagro*
 - *Galicia diplomática. Revista semanal de archivos y bibliotecas, historia, arqueología, heráldica, literatura, ciencias y artes*
 - *Diario de la Coruña*
 - *Anuario ferrolano*
 - *Almanaque de Ferrol*
 - *Galicia: revista quincenal ilustrada*
 - *El Ciudadano por la Constitución*
 - *La Defensa*
 - *El defensor de Galicia*
 - *Diario del gobierno de la Coruña*
 - *Estafeta de Santiago*
 - *Exacto correo de España en la Coruña*
 - *Exacto diario en la Coruña*

- *Gazeta marcial y política de Santiago*
- *El Iris de Galicia*
- *Álbum literario de Galicia*

b. Posta en marcha da biblioteca “Monografías do século XIX”, que reúne copias dixitais de preto de oitocentas obras e máis de cento vinte mil páxinas dispoñibles en liña: <http://academia.gal/biblioteca-virtual-monografias>.

c. Sección “Destaques comentados” na web da institución. Este ano publicáronse para esta sección un total de 16 artigos con imaxes incluídas, 8 referidos a monografías e 8 referidos a prensa.

d. Inclusión de diferentes novas relacionadas coas nosas monografías e publicacións periódicas na páxina web, coa achega de información e imaxes destas.

9.2 Achega bibliográfica ou participación con imaxes dos nosos fondos nas seguintes exposicións:

- Exposición titulada *No principio foi o verso. Rosalía de Castro*, organizada pola Fundación Rosalía de Castro en colaboración coa RAG e a Universidade de Vigo, celebrada durante os meses de maio a setembro de 2013.

- Exposición sobre a figura de Manuel Lugo Freire, organizada pola Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo.

- Exposición dedicada á historia, a través da publicidade, das empresas gasistas e de electricidade do grupo Gas Natural Fenosa.

9.3 Día das Letras Galegas

Con motivo do Día da Letras Galegas, este ano dedicado a Roberto Vidal Bolaño, reservouse un expositor da sala de lectura para mostrar todas as obras relacionadas co homenaxeado.

9.4 Visitas. Observación directa de fondos representativos en diversas visitas colectivas á biblioteca.

10. Conservación:

10.1 Mellora das condicións medioambientais do depósito de publicacións periódicas situado no cuarto piso do edificio mediante a compra e instalación de catro deshumidificadores.

10.2 Avaliación do estado de conservación do fondo hemerográfico coa finalidade de mellorar no futuro a situación daqueles materiais máis delicados.

ARQUIVO

Creado en 1905

Director/a: D. Euloxio Rodríguez Ruibal (23 de xaneiro de 2010 – 20 de abril de 2013); D.^a Margarita Ledo Andión (do 20 de abril de 2013 en diante).

Durante o ano 2013 leváronse a cabo as seguintes tarefas:

Catalogación e outros procesos técnicos

Catalogación dos fondos seguintes:

- José Villaverde Velo
- Primitivo Rodríguez Sanjurjo
- Manuel Murguía
- J. Rodríguez Yordi
- Colección Federación Galega de Sociedades da República Arxentina.
- Colección fotográfica María Castello.
- Colección de Manuscritos e Orixinais.
- 700 fotografías pertencentes a diferentes fondos e coleccións.

Revisión da descrición da área volume engadindo formato e soporte nos fondos:

- Xavier Bóveda
- Luciano Caño
- Uxío Carré Aldao
- Manuel Leiras Pulpeiro
- Gonzalo López Abente
- Juan López Soler
- Familia Martínez Morás
- Fernando Martínez Morás
- Andrés Martínez Salazar
- Juan Naya Pérez
- Eladio Oviedo Arce
- Domingo Quiroga Ríos
- José Rubinos Ramos
- Ramón Suárez Picallo
- Arturo Taracido Veira
- Pascual Veiga
- Xohán Casal
- Evaristo Martelo Paumán
- Ángel del Castillo

Transcrición da correspondencia da RAG e o se transvasamento a unha base de datos. Anos 1928-30.

Novos ingresos

Compra:

- 5 Accións antigas.
- Carteira de identidade de emigrante na Arxentina.

Doazóns:

- Colección de postais Fiasta-Arte [Doazón de Rita Alonso].
- Discurso de ingreso na Real Academia de Medicina de Asturias de J. M. García Osuna [Doazón do autor].
- Carné de Falanxe [Doazón de Carmen Gallart Mera].
- Carta de Valladares a Cabanillas [Doazón de H. Monteagudo].
- Reprodución de foto da recepción académica de F. Martínez-Morás [Doazón de X. Castro].
- Manuscrito de Gorropío por R. Álvarez [Doazón de R. Álvarez].
- 2 fotos de X. A. Arjona [Doazón de Natalia Gómez].
- 3 manuscritos de X. Alonso Montero [Doazón do Autor].
- Fondo J. Rodríguez Yordi (5 caixas) [Doazón do sobriño e netos].
- Informe sobre a situación do galego no Bierzo (1 carp.) [Doazón de Virginia Cal Sánchez].
- Fotocopias de correspondencia da Asociación Iniciadora y Protectora da RAG [Doazón de L. Alonso Girgado].
- Manuscrito de *A rosa de cen follas* de R. Cabanillas [Doazón de J. Parga Peinador].
- Documentación de J. Rodríguez Yordi [Doazón do sobriño e netos].
- Fondo J. Beceiro Amado [Doazón de J. Beceiro García].
- Diploma de Bandeira Falanxista [Doazón de Carme Arias].

Difusión dos fondos do Arquivo en:

- *Patrimonio documentado: a protección e intervención nos bens culturais a través dos documentos dos arquivos*. Arquivo de Galicia.
- *José Sellier, pionero del cine español*. Concello da Coruña.
- *No principio foi o verso. Rosalía de Castro*. Cento cincuenta anos de *Cantares gallegos*. Casa-Museo Rosalía de Castro.
- *51 páxinas das nosas letras*. Parlamento de Galicia.
- Destaques quincenais.
- Páxina web da RAG. Buscas de información e documentación para diferentes contidos da páxina web.

Colaboración profesional con:

- Biblioteca Municipal de Estudos Locais da Coruña
- Museo do Pobo Galego

Atención a usuarios:

Ao longo do ano houbo un total de 299 consultas repartidas do xeito seguinte:

- 44 consultas presenciais
- 216 consultas por correo electrónico
- 50 consultas telefónicas

Reproducións atendidas:

- 69 peticións de reproducións que supoñen un total de 4.116 imaxes.
- Reproducións relacionadas con exposicións das seguintes institucións: Arquivo de Galicia, Casa-Museo Rosalía de Castro, Asociación de Veciños Agra do Orzan, Universidade de Santiago de Compostela, Fundación Eduardo Pondal, TVG, IES Virxe do Mar.

MUSEO RAG

Durante o ano 2013 leváronse a cabo as seguintes tarefas:

Catalogación informatizada do patrimonio artístico da RAG

72 novas referencias, deixando o número total ao final do ano en 1.911.

Xestión do patrimonio

Saídas temporais de fondos, neste caso con destino á seguinte exposición:

No principio foi o verso. Rosalía de Castro, organizada pola Fundación Rosalía de Castro en colaboración coa RAG e a Universidade de Vigo, celebrada durante os meses de maio a setembro de 2013.

Compactación na almacenaxe da colección artística da RAG, co fin de gañar espazo útil para a ampliación desta

Mantemento e limpeza da colección; xestión de traballos de restauración nas pezas máis danadas.

Atención a usuarios mediante correo electrónico e teléfono

Rexistro de entradas

O máis salientable neste apartado é a doazón do óleo titulado *Claro escuro na biblioteca* do pintor Tomás Barros, doado por Araceli Barros e Tomás Barros, ambos os dous fillos do autor.

WEB DA RAG

Durante o ano 2013 publicouse un total de 175 novas que tiveron como temas xerais efemérides destacadas e, así mesmo, 26 noticias con información relativa a diferentes poemas. Tendo en conta a súa categoría e número, as novas publicadas ordénanse de xeito decrecente da seguinte maneira:

Actos: 38

Publicacións¹: 28

Novidades: 26

Poemas da semana: 26

Día das Letras: 22

Efemérides: 16

Comentarios destacados²: 8

Comunicados: 6

Doazóns: 6

Axenda: 63 Actos propios e algúns alleos foron anunciados na nosa Axenda ao longo do 2013.

Destaques: Publicamos un total de 36 novos comentarios destacados.

A suma de todas as actualizacións de Novas, Axenda e Destaques ofrece a cifra total de 274 actualizacións da nosa páxina dixital, cunha media semanal de 5,2.

Redes Sociais

En xaneiro do ano pasado inauguramos a nosa páxina de Twitter, que hoxe conta con 2.331 seguidores, e onde publicamos un total de 631 chíos. Así mesmo, en setembro de 2013 abrimos a nosa conta de Facebook, que conta hoxe con 552 seguidores e onde imos dando conta unicamente das novas.

Posicionamento

En xaneiro de 2013 a páxina da Academia estaba situada no 207.577 lugar do ranking global segundo alexa.com, e actualmente ocupa a posición 163.896 da mesma clasificación. Entre as páxinas galegas, a nosa sitúase na 53^a posición, segundo a clasificación ofrecida por codigocero.com.

1 Na categoría de Publicacións inclúense tamén todos aqueles discursos de entrada de Académicos e outras publicacións históricas da Academia, escaneadas e logo publicadas por nós ao longo do ano, e que son a maioría.

2 Non se inclúen aquí os Destaques propiamente ditos, senón unicamente a nova que os anuncia.

Visitas

Visitas totais: 1.723.016

Media diaria: 4.720

Visitas únicas: 6.426.526 (usuarios reais da páxina)

Páxinas por visitante: 1,75

Duración media da visita: 2,28 minutos

Visitas por país (dez primeiros):

1	España	1.657.875	96,22%
2	Reino Unido	9.134	0,53%
3	Alemaña	7.153	0,42%
4	EUA	6.942	0,40%
5	Portugal	3.962	0,23%
6	Brasil	3.669	0,21%
7	Francia	3.234	0,19%
8	Arxentina	2.896	0,17%
9	Suíza	2.860	0,17%
10	Italia	2.275	0,13%

Visitas por cidade (dez primeiras):

1	A Coruña	435.829	25,29%
2	Vigo	339.193	16,69%
3	Santiago	305.889	17,75%
4	Madrid	127.050	7,37%
5	Lugo	105.202	6,11%
6	Ourense	91.083	5,29%
7	Pontevedra	74.032	4,30%
8	Barcelona	53.439	3,10%
9	Bilbao	11.313	0,66%
10	Valencia	5.277	0,31%

Contido

Total de páxinas vistas: 3.010.132

Páxinas máis vistas (20 primeiras):

Dicionario	2.028.047	67,37%
Inicio	654.032	21,73%
Novas	44.781	1,49%
Académicos	40.855	1,36%

VOLGa	31.516	1,05%
Recursos	31.390	1,04%
Homenaxeados	21.469	0,71%
DLG-Actual	16.363	0,54%
Destaques	11.395	0,38%
Publicacións	9.419	0,31%
Guía de uso	8.888	0,30%
Hemeroteca Virtual	8.363	0,28%
Diccionario. Características	6.971	0,23%
Axenda	6.955	0,23%
Biblio Catálogo	5.567	0,18%
Biblioteca Virtual	4.674	0,16%
Comunicado	3.410	0,11%
Historia DLG	2.850	0,09%
Catálogo	2.518	0,08%
Diccionario. Créditos	2.276	0,07%

PORTAL DAS PALABRAS

En 2013 a actividade do Portal desenvolveuse en tres ámbitos:

- produción lexicográfica-terminolóxica
- produción audiovisual
- traballo de comunicación dixital

Produción Lexicográfica-terminolóxica

Os técnicos do Seminario de Lexicografía e Termigal elaboraron contidos especializados de diferentes tipos:

A palabra do día

Desde a apertura do Portal no mes de xuño publicouse diariamente unha palabra escollida como “a palabra do día”. Achégase o seu significado, a súa etimoloxía e mais un par de exemplos de uso, extraídos dos corpus informatizados de lingua.

As sete palabras de cada semana pertencen a un mesmo campo temático que se pon en relación ben coas efemérides, ben cos acontecementos ou situacións que poidan ser de interese en cada época.

Por exemplo, na semana que foi do 12/08 ao 18/08 foron “palabras do día” os nomes das froitas de temporada: ameixa, cereixa, amora, amorodo, claudia, framboesa e pexego. Entre o 10/09 e o 16/09 as “palabras do día” foron: estoxo, afialapis, caderno, forrar, cartafol, encerado e xiz, dedicadas á volta á escola.

En total, desde xuño de 2013 ata hoxe, preparáronse 252 “palabras do día”.

Setestrela

Para os setestrelas escóllense sete palabras que forman un conxunto especial pola súa forma, polo seu significado ou ben porque representan un tema significativo que poida espertar a curiosidade dos usuarios. As sete palabras escollidas analízanse en profundidade cun enfoque lexicográfico, tendo en conta desde consideracións etimolóxicas ata aspectos relacionados coa morfoloxía, coa norma e comentando todo o que sexa interesante en canto á súa semántica.

Algúns dos setestrelas publicados no Portal tiveron unha especial repercusión entre o público, como foi o caso do titulado “Para insultares con fundamento” onde se comentaban sete insultos orixinais (alburgueiro, odre, miñaxoia, milhomes, compangueiro, lagarta, faltón), o setestrela dedicado aos “Estranxeirismos innecesarios” (abstract, back-up, sponsor, coach, script, première, pack) ou o que falaba de “Sete doces curiosos” (bandullo, boloardo, canelo, cristina, papabello, petada, sangaño). Desde xuño, preparáronse 43 setestrelas, isto é, analizáronse un total de 301 palabras.

Mira que din!

Concibido case como un obradoiro de terminoloxía no que se avalían termos de nova creación (neoloxismos), palabras que asumiron extensións de significado para dar conta de realidades emerxentes ou tamén palabras “de moda”.

De todas elas dáse unha explicación sobre o momento en que empezaron a ser utilizadas, o seu procedemento de creación e as correspondencias con outras linguas do medio ou da familia.

En total fíxose para esta sección a análise de 38 termos de máxima actualidade, como escrache, electrolineira ou vórtice.

Produción audiovisual

Todas as publicacións da web van acompañadas de imaxes editadas especificamente que fan máis atractiva a súa presentación dixital.

Así mesmo, producíronse vídeos para o Portal de dous tipos:

- *Pregúntalle á Academia*, nos que a institución responde a algunhas das preguntas que os usuarios envían á web.

– *O mundo en palabras*, nos que un especialista fala dun tema e membros do Seminario contextualizan termos e expresións desde unha óptica lexicográfica. Realizáronse este ano un total de 28 vídeos.

Traballo de comunicación dixital

O Portal mantén unha interacción permanente cos usuarios a través do Servizo de consultas e tamén nas redes sociais.

O Servizo de consultas responde diariamente a todos os correos, dúbidas e suxestións que envían os seguidores da web. Durante este ano contestáronse unha media de entre 7-10 consultas semanais maioritariamente de particulares sobre cuestións relacionadas co DRAG, ben de carácter puramente lingüístico como tamén sobre as aplicacións do Dicionario para dispositivos móbiles. Tamén houbo consultas de entidades privadas que precisaban resolver cuestións de tradución. Nos perfís de Facebook e Twitter mantense día a día a comunicación cos seguidores do Portal e anúncianse as novas publicacións, así como tamén se dá difusión a diferentes noticias de actualidade especialmente relacionadas co léxico e a lingua.

CONVENIOS, ACORDOS E CONTRATOS

Durante o ano 2013 a Real Academia Galega asinou convenios de colaboración con distintas entidades co fin de desenvolver proxectos concretos:

- Convenio de colaboración co Parlamento de Galicia para o deseño e execución dunha exposición sobre o 50 aniversario da instauración do Día das Letras Galegas.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para realizar actuacións en materia de Lexicografía, Terminoloxía e Sociolingüística da Lingua Galega.
- Encarga de servizo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a realización de traballos técnicos sobre a Toponimia de Galicia.
- Encarga de servizo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a realización da Convocatoria, a xestión e a impartición da vixésimo sexta edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros e para españois de fóra de Galicia.
- Subvención nominativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para o financiamento dos gastos correntes, de investimento e outros gastos de capital co cargo aos orzamentos de 2013.

- Subvención nominativa da Excma. Deputación Provincial da Coruña para gastos de funcionamento.
- Convenio regulador da subvención prevista nominativamente no orzamento xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo a favor da Real Academia Galega.
- Subvención da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento de actividades.
- Convenio entre a Academia e a Universidade de Santiago de Compostela para a publicación –en formato dixital e acceso gratuíto– do primeiro libro escrito por Emilia Pardo Bazán.
- Convenio de colaboración entre a Real Academia Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración dun elenco de nomes propios de orixe grega estandarizados en galego.
- Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Real Academia Galega para a realización de prácticas de alumnos do Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura.
- Convenio de colaboración entre a Real Academia Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a redacción dunha gramática descritiva do galego actual que cubra os obxectivos de servir como gramática académica e de contribuír a definir e difundir o estándar.
- Convenio de colaboración entre a Real Academia Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do *Dicionario de apelidos galegos*.
- Convenio Marco entre a Fundación Barrié e a Real Academia Galega para a Colección Clásicos da Academia.
- Convenio Marco entre a Fundación Barrié e a Real Academia Galega para a colaboración no eido lexicográfico.
- Convenio de desenvolvemento do Convenio Marco no eido lexicográfico entre a Fundación Barrié e a Real Academia Galega.
- Convenio entre a Fundación Barrié e a Real Academia Galega para a edición electrónica do dicionario da RAG e do Portal das Palabras.
- Subvención da Fundación Barrié para a edición do Boletín da Real Academia Galega.
- Convenio de colaboración entre a RAG e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos, para a cesión en comodato do legado de Manuel María.

OUTRAS CONTRIBUCIÓNS ECONÓMICAS

Ademais dos convenios asinados con institucións, tanto públicas como privadas, a RAG recibiu axudas de tipo económico para contribuír ao desenvolvemento da súa actividade diaria dos seguintes organismos:

- Ministerio de Educación, Cultura y Deporte: Subvención nominativa á Real Academia Galega, prevista nos Presupuestos Generales del Estado para o ano 2013 aprobados por Lei 17/2012 de 27 de decembro, para o desenvolvemento de actividades e gastos de funcionamento.
- Axuda en materia de Arquivos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (bases reguladoras na orde do 12 de xullo de 2013. DOG 145 do 31 de xullo de 2013).
- Colaboración económica da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a organización do Simposio Roberto Vidal Bolaño, celebrado o 17 de decembro de 2013.
- Colaboración da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para os traballos de organización das Xornadas de Homenaxe a Manuel Pardo de Andade.

REPRESENTACIÓN DA RAG

A Real Academia Galega ten representación institucional nas seguintes entidades:

- Asociación PuntoGal
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
- Consello da Cultura Galega
- Consello de Comunidades Galegas
- Consello Social da Lingua Galega (Concello de Vigo)
- Fundación Cidade da Cultura de Galicia
- Instituto da Lingua Galega
- Padroado da Biblioteca do Real Consulado
- Padroado da Biblioteca Nacional
- Padroado da Fundación Caixa Galicia
- Padroado da Fundación Carlos Casares
- Padroado da Fundación Castelao
- Padroado da Fundación Curros Enríquez
- Padroado da Fundación Gonzalo López Abente

- Padroado da Fundación Germán Sánchez Ruipérez
- Padroado da Fundación Luís Seoane
- Padroado da Fundación Rosalía de Castro
- Padroado do Museo do Pobo Galego
- Padroado da Fundación Camilo José Cela
- Padroado da Fundación Otero Pedrayo
- Padroado da Fundación Penzol
- Padroado da Fundación Manuel Puente “Cultura Gallega” de Buenos Aires

PREMIOS NOS QUE A RAG TEN REPRESENTACIÓN COMO XURADO

- Premio Antón Losada Diéguez
- Premio de Narrativa Breve Repsol
- Premio de Tradución Plácido Castro
- Premio de Xornalismo de Opinión Roberto Blanco Torres
- Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo
- Premio Otero Pedrayo
- Premios da Cultura Galega
- Premios Nacionais de Literatura do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

INSTITUCIÓNS COLABORADORAS

- Arquivo do Reino de Galicia
- Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega
- Asociación PuntoGal
- Asociación Socio-Pedagóxica Galega
- Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
- Concello da Coruña
- Consello da Cultura Galega
- Deputación da Coruña
- Deputación de Lugo
- Deputación de Ourense
- Fundación Barrié
- Fundación Caixa Galicia

- Fundación Luís Seoane
- Fundación Otero Pedrayo
- Fundación Penzol
- Fundación Rosalía de Castro
- Fundación Rodríguez Iglesias
- Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre
- Grupo Radio Televisión de Galicia
- Hércules de Ediciones, S.A.
- Instituto da Lingua Galega (ILG)
- Museo de Pontevedra
- Museo do Pobo Galego
- Parlamento de Galicia
- PEN Clube de Galicia
- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo
- Xunta de Galicia

DOAZÓNS, DEPÓSITOS E ADQUISICIÓNS

O 10 de xaneiro de 2013, Jorge Parga Peinador doou á Academia o mecanoscrito orixinal d'*A rosa de cen follas*, cunha dedicatoria manuscrita de Ramón Cabanillas a Enrique Peinador Lines.

O 25 de xaneiro de 2013, dona Natalia Gómez González, viúva de Xosé Antón Arjona Santiago, doou á Academia diversa documentación e outros bens da súa propiedade.

O 26 de febreiro de 2013, Rita Alonso doou á RAG a colección completa da revista *Río. Revista cultural miñota*, de Goián.

O 7 de marzo formalizouse a compra dun cadro de Vaamonde, de Emilia Pardo Bazán, para a Casa Museo.

O 23 de agosto recibíuse, en concepto de doazón, documentación de Julio Rodríguez Yordi. En representación da familia asistiron María Victoria Rodríguez Rodríguez e Eladio Rodríguez, bisneta e neto respectivamente de Eladio Rodríguez González, que foron recibidos polo Presidente e o Secretario na Academia.

O 9 de setembro de 2013, Jaime López doou á Academia o manifesto que a sociedade “Unión redencionista gallega” dirixiu aos seus conterráneos o 27 de abril de 1911. O manifesto está asinado, entre outros, por Fontenla Leal e Benino Quesada.

O 8 de outubro Juan Luís Beceiro García entregou á Academia, en concepto de doazón, as traducións manuscritas de *O Quixote da Mancha*, *Contos e leendas d'a Eirín*, *Vida e milagres do Lazariño de Tormes*, *A Odisea* e *Hamlet*, realizadas polo seu pai, o xeneral Juan Beceiro Amado.

O 27 de novembro Araceli Barros e Tomás Barros entregaron, en concepto de doazón, o cadro do seu pai *Claro escuro na biblioteca*, 1976 (óleo sobre lenzo, 1,20 x 1 m).

O 27 de decembro Ana Paula Mejuto, neta do preso republicano José Mejuto Bernárdez (de Cangas de Morrazo), doou á Academia copia de máis de corenta cartas escritas polo avó en 1936-1937 desde a cadea. Os orixinais destas cartas entregaránselle á Academia logo da súa publicación en formato libro pola propia Ana Mejuto.

COLABORACIÓN EN EXPOSICIÓNS

- “Patrimonio documentado: a protección e intervención nos bens culturais a través dos documentos dos arquivos”, que se inaugurou o 7 de xuño, con motivo da celebración do Día Internacional dos Arquivos, clausurárase o 7 de outubro de 2013. A exposición, organizada polo Arquivo de Galicia, exhibirase no edificio que é sede do Arquivo, na Cidade da Cultura de Galicia.
- “No principio foi o verso. Rosalía de Castro”, organizada pola Fundación Rosalía, a Real Academia Galega e a Universidade de Vigo. A mostra estará aberta do 15 de maio ao 15 de setembro na sede da Fundación Barrié de Vigo.

PUBLICACIÓNS

Durante o ano 2013 publicáronse as seguintes obras:

Ares Vázquez, Nicandro (2013): *Estudos de toponimia galega I e II*. A Coruña: RAG.

Fernández Ferreiro, Xosé (2013): *Breves reflexións sobre os escritores e os xornalistas*. A Coruña: RAG.

Saavedra Fernández, Pegerto (2013): *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria: sobre a división e o control do territorio na Galicia moderna*. A Coruña: RAG.

López Casanova, Arcadio (2013): *A modernidade poética de Rosalía: unha interpretación*. A Coruña: RAG.

Monteagudo Romero, Henrique (ed.) (2013): *Manuel Pardo de Andrade. Rogos dun galego contra a Inquisición e outros versos liberais (1813-14)*. A Coruña: RAG.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (ed.) (2013): *O resplandor primeiro. Estudos en homenaxe a Nicomedes Pastor Díaz*. A Coruña: RAG.

Boletín da Real Academia Galega, 372.



Jacinto Viqueira Landa e Annie, no verán do 2009. Foto: Alicia López Prado.

EN MEMORIA DO AMIGO JACINTO VIQUEIRA LANDA

Alicia López Pardo

Hai uns días tiven o honor de transmitir, por desexo da familia, unhas fermosas e emotivas palabras que Jacinto nos dirixía por escrito ás persoas asistentes á homenaxe a Xohán Vicente Viqueira. Cun pesar inevitable por non poder presenciar este momento, Jacinto expresounos o sentimento de admiración profunda a un ser de máximo significado na súa vida, de quen leva gravados no corazón uns versos entrañables que lle compuxo e a quen non puido coñecer. Perdeuno á idade de dous anos. Jacinto tamén nos expresou a súa vinculación coa Galiza recibida do magnífico legado paterno. Foi para min esta ocasión outra especial oportunidade de falar directamente con el sobre este evento dedicado a seu pai, de ter nas miñas mans as súas sentidas verbas e pronuncialas no seu nome ás persoas partícipes. Puiden, aínda a véspera, escoitar por teléfono a Jacinto nos seus últimos pensamentos dirixidos a esta terra tan querida por el. Tiven o privilexio de gozar unha vez máis da súa sensibilidade exquisita, das súas lúcidas palabras, douradas pola inmensa sapiencia nonaxenaria, saídas da rodaxe crúa, da experiencia abraiante.

Foi o 22 de outubro, data do nacemento de Xohán V. Viqueira, cando celebrabamos no cemiterio de Ouces, Bergondo, a dita homenaxe polo 90 cabodano do seu pasamento. Cadrandos con esta data a Real Academia Galega, a petición do concello de Bergondo e coa súa colaboración, con corenta anos de atraso cumpre unha débeda que tiña esquecida. Nesta ocasión a RAG coloca un monólito coa escultura do grande escultor mariñán J. F. Escudero, dedicada a este ilustre galego. Deste xeito verifícase a promesa feita aló polo ano 1974, en que se lle dedicara a Viqueira a celebración das Letras Galegas.

Con intensa emoción por parte das persoas asistentes, celebrouse un acto mingado en tempo, abreviado en exceso en relación á relevancia que esta causa ben merece. Mágoa que tivera que se converter nun acto tan recortado que non deu oportunidade de participar a numerosas persoas interesadas en manifestar a súa elevada estima por Viqueira, bastantes delas dos eidos da música e da poesía, do pensamento literario, filosófico, científico... Cónstame que foi moita a xente quen lamentou non ter a posibilidade de compartir este tan esperado recoñecemento a un dos persoeiros máis dignos de homenaxe e ao mesmo tempo máis esquecido. Que menos que realizarse nun horario axeitado e no amplo parque situado a carón

do cemiterio, ou mesmo na propia casa dos Viqueira como se fixo noutras ocasións. A este evento para actualizar a memoria de Viqueira despois de tanta demora, correspondíalle unha celebración popular aberta ao pobo de Bergondo e aos de fóra, contando cun escenario que permitise a expresión de persoas interesadas e un recital de artistas con disposición para actuar voluntariamente.

Un aspecto dobremente sentido neste acto foi notar a ausencia da familia máis directa de X.V. Viqueira. Limitacións dos seus seres máis achegados, que habitan en México dende a época do seu exilio familiar, fixeron imposible a súa presenza.

Quen nolo dixera! Aquelas entrañables palabras do amigo Jacinto honrando a seu pai, e agradecendo a organización do acto, eran tamén palabras de despedida. O seu pasamento sucedeu uns días despois (8/XI/14).

Un longo percorrido dunha persoa consagrada á ciencia, a docencia e ao humanismo, e que a punto de cumprir os 93 anos, cunha vitalidade impensable, seguía exercendo como profesor emérito na Facultade de Enxeñería da Universidade Autónoma de México. O seu honorable labor como docente con paixón polo ensino, comprometido, impulsor de iniciativas, de investigacións e publicacións, premio Nacional de Docencia en Ciencias Exactas, xunto coa admiración que os seus alumnos e os seus compañeiros lle profesaron, fano merecente do recoñecemento de persoa excelente.

Conversar con Jacinto era unha das delicias para saborear: sentir as súas elocuentes palabras con aquela mestura de sabedoría, humor, enxeño e sinxeleza. Súmanse as impresionantes anécdotas do seu incontable percorrido vital, dende que sendo un rapaz de 16 anos se fai pasar por un mozo de 17 para poderse alistar nas filas do exército republicano, nas *Divisiones de Juventudes*. Rematada a guerra, pasa a Francia a un campo de concentración, e despois continúa cunha activa e extensa vida en México. Coa mesma viveza era capaz de expresar tanto a traxedia da guerra e dos exiliados como o supremo afán de superación exercido xunto á súa extraordinaria compañeira, Annie.

Lembranzas inmorredoiras para os nenos e nenas da escola de Vixoi (2008-12), para as súas familias e para min serán aqueles momentos con Jacinto e Annie, cando nos visitaron na propia escola para presenciar a obriña que lle dedicamos a Viqueira, cando vibraron con ilusión enorme vendo o xeito de interpretar daquelas criaturas que emanaban unha motivación extraordinaria. Nunca esqueceremos o empeño que puxeron eles os dous para que a propiedade da súa casa, insigne patrimonio que deba estar amparado, estivese sempre aberta a todos os nenos e nenas de Bergondo e de onde quixeran achegarse. Sempre se opuxeron a que as persoas interesadas en coñecela chegasen a ter impedimentos para visitala. Tampouco esqueceremos o sorriso, a tenrura, a ledicia coa que Annie e Jacinto nos abrían a todos as portas da súa casa, a nenas, nenos, mamás e papás, para recibírnos no

mesmiño cuarto de Xohán Vicente Viqueira. Naquela acolledora e linda estancia onde el morou, escribiu, compuxo; onde interpretou música naquel espectacular e exclusivo piano que podemos palpar, igual que todo o mobiliario que se conserva naquel luminoso cuarto de fermosas vistas e no que se respira a presenza viva de Viqueira, o latexo dos seus versos:

O vento bate nas janelas
o vento e mail-a auga.
¡Que ben que s'está en ti,
miña casiña amada!

Tamén Jacinto, igual que a súa esposa Annie, muller encantadora e de calidades dignas de mención, deixan outras entrañables pegadas pola nosa terra. Temos o deber de dar testemuño os que tivemos a sorte de tratalos, de coñecer de cerca a estas persoas portadoras de valores infrecuentes recollidos por unha longa e difícil andaina. Fomos afortunados os que podemos coñecer directamente parte do legado dunha moi importante familia histórica polas circunstancias que atravesaron. Xente cun acervo cultural e cunha proxección humana moi significativa, cunha humildade e sinxeleza inusual. A elevada dignidade por vía paterna e materna prolongouse na descendencia. A familia Viqueira-Landa: Luísa, Jacinto e Carmen, os fillos de Xohán Vicente e Jacinta, como lles viña de herdanza, foron persoas admirables en ámbitos moi diversos da vida. Cómpre mencionar a maior deles, Luísa, muller de grande actividade intelectual, humanista plenamente comprometida coa causa do galeguismo e a quen tamén se lle concede o título de Republicana de Honra –Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica, A Coruña 2010–; e a máis nova deles, Carmen, finada no 2010, que foi unha moi significada antropóloga, profesora na Universidade Iberoamericana, formadora de investigadores. Nos tres converxen dúas liñas xenéticas e ambientais de grandeza humana, de valores extraordinarios e de cultura esmerada. Se por vía paterna sabemos do legado dun dos homes máis ilustres, tamén xusto é lembrar a parte materna dos Landa, xente de alto nivel ideolóxico e intelectual, dun compromiso que deu lugar a destacadas vítimas do franquismo. Non en van a educación e a evolución destas familias vén a ser o froito daquela Escola Moderna que a Institución Libre de Enseñanza puxo en práctica naqueles tempos ilustrados, nos que se construíu un modelo educativo arrasado pola ditadura e que hoxe continúa sendo unha referencia. Estou a referirme a un legado pedagóxico e humanista a recuperar nestes tempos de atroz retroceso na política neoliberal no mundo, concretada de xeito arrepicante na actual política educativa do estado español e na do goberno da Xunta de Galicia. Contra tal desfeita quedannos testemuños e referencias que aínda hoxe nos alentan.

Grazas, Jacinto. Ata sempre, amigo! Forza, querida Annie!